CAPÍTULO TRES.

dinamismo do tecido produtivo

TRES UN. demografía empresarial

TRES DOUS. estrutura produtiva

TRES TRES. sector exterior

TRESUN. demografía empresarial

A crise económica está afectando de manera importante á demografía empresarial galega, de xeito que, por quinto ano consecutivo, no ano 2012 descende novamente o número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no da minaría do carbón. A 31 de decembro de 2012 estaban inscritas en Galicia case dez mil empresas menos que na mesma data de 2008.

Un aspecto fundamental da estrutura empresarial galega son os traballadores autónomos, que no ano 2012 son 144.305, o 7,6% do total estatal, case 20.000 menos que os existentes no ano 2008.

Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón no derradeiro día de 2012 situouse en Galicia nas 77.905 empresas, o que representa o 6,6% do total de empresas españolas inscritas nestes dous réximes. Tal como ven acontecendo dende o ano 2008, por quinto ano consecutivo volveu a descender o número de empresas inscritas tanto en Galicia como en España.

Seguindo a tendencia de anos precedentes, no ano 2012 o número de empresas inscritas na Seguridade Social vai descendendo mes a mes ata acadar o número máis baixo de inscricións no mes de decembro (77.905 inscricións), descenso só interrompido polo lixeiro incremento estacional dos meses de maio, xuño e xullo.

En comparación co acontecido no resto do Estado, o **gráfico 3.1.2.** reflicte como a taxa de variación interanual do número de empresas inscritas no réxime xeral e no da minaría de carbón presenta en Galicia no ano 2012, tal como aconteceu no ano anterior, unha peor evolución que no conxunto

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-2012 (1)

	Galicia					España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		(%)
2008	87.472	35.946	12.093	10.591	32.538	1.332.090	6,6
2009	84.715	34.929	11.936	10.420	31.093	1.264.689	6,7
2010	83.504	34.515	11.703	10.346	30.558	1.240.847	6,7
2011	81.125	33.689	11.310	10.137	29.554	1.210.527	6,7
2012	77.905	32.419	10.919	9.870	28.086	1.171.844	6,6
2012							
Xaneiro	79.897	33.223	11.153	10.003	29.054	1.194.400	6,7
Febreiro	79.657	33.100	11.127	9.994	28.964	1.192.685	6,7
Marzo	79.866	33.153	11.169	10.009	29.061	1.201.820	6,6
Abril	79.792	33.101	11.196	9.998	29.012	1.204.812	6,6
Maio	79.841	33.087	11.221	9.985	29.037	1.210.398	6,6
Xuño	80.517	33.357	11.284	10.058	29.308	1.219.050	6,6
Xullo	80.818	33.374	11.298	10.037	29.558	1.209.865	6,7
Agosto	80.352	33.163	11.276	9.997	29.345	1.196.616	6,7
Setembro	79.904	33.050	11.289	10.002	28.999	1.197.774	6,7
Outubro	78.920	32.787	11.144	9.952	28.455	1.183.223	6,7
Novembro	78.422	32.646	11.015	9.921	28.253	1.178.337	6,7
Decembro	77.905	32.419	10.919	9.870	28.086	1.171.844	6,6

(1) empresas inscritas no Réxime xeral e no Réxime especial da minaría do carbón o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.1.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2011-2012 (1)



(1) empresas inscritas no Réxime xeral e no Réxime especial da minaría do carbón; taxas de variación interanual

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.2.

Traballadores autónomos en Galicia e España 2012: principais características (1)

	2012			12/11	
	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
			(%)		
Total	144.305	1.909.916	7,6	-2,03	-1,94
sector de actividade					
agricultura	39.012	245.357	15,9	-5,26	-2,93
industria	6.651	93.572	7,1	-2,06	-4,58
construción	15.545	203.271	7,6	-4,23	-7,96
servizos	83.097	1.367.716	6,1	0,01	-0,60
situación profesional					
sen asalariados	116.278	1.514.839	7,7	-3,27	-4,94
con asalariados	28.027	395.077	7,1	3,50	11,56
sen pluriactividade	139.156	1.831.351	7,6	-2,09	-1,60
con pluriactividade	5.149	78.565	6,6	-0,27	-9,11
sexo					
homes	81.557	1.269.597	6,4	-1,90	-2,37
mulleres	62.748	640.319	9,8	-2,19	-1,06
idade					
< 25 anos	1.749	32.144	5,4	-3,32	-1,96
25-39 anos	34.660	529.447	6,5	-1,55	-3,66
40-54 anos	63.577	869.403	7,3	-1,94	-1,42
55 ou máis anos	44.319	478.922	9,3	-2,46	-0,93
nacionalidade					
españois	141.114	1.769.305	8,0	-2,12	-2,24
estranxeiros	3.191	140.611	2,3	2,37	2,04
antiguidade no negocio					
< 6 meses	6.719	127.316	5,3	2,93	6,22
6-11 meses	7.481	116.942	6,4	11,59	1,87
1-3 anos	17.917	281.139	6,4	8,41	5,02
3-5 anos	11.354	161.559	7,0	-71,78	-53,09
5 ou máis anos	100.834	1.222.960	8,2	30,46	11,09
base de cotización					
mínima	111.611	1.617.889	6,9	-1,80	-1,01
entre mínima e 1,5 veces mínima	14.721	86.884	16,9	-8,67	-16,14
1,5-2 veces mínima	9.844	74.297	13,2	-34,18	-53,95
2-3 veces mínima	7.379	112.866	6,5	309,49	272,95
máis de 3 veces mínima	750	17.980	4,2	-0,66	-0,88

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.3.

estatal. Os maiores descensos da taxa interanual en Galicia corresponden ao último trimestre do ano, onde o número de empresas descende un 4,2%, un 4,1% e un 4% sobre os meses de outubro, novembro e decembro do ano anterior, respectivamente.

A nivel estatal, a caída no número de empresas inscritas é, mes a mes, máis moderada que en Galicia, acadando no caso estatal os maiores descensos nos meses de xullo e outubro, con 3,7% menos en ambos casos, en relación aos mesmos meses do ano 2011.

A provincia de Pontevedra volve a ser a máis afectada, con 1.468 empresas menos inscritas na Seguridade Social no derradeiro día de 2012 en relación aos datos rexistrados na mesma data do ano anterior. No 2012, Pontevedra ten un 14% menos de empresas inscritas na S.S. en relación ás existentes no ano 2008 (4.452 empresas menos).

A provincia de A Coruña perde no último ano 1.270 empresas e dende o ano 2008, redúcense en 3.527 as empresas inscritas na S.S. nesa provincia.

En termos porcentuais, as provincias de Pontevedra e A Coruña son as que presentan un maior descenso, cunha taxa de variación interanual negativa do 5% e do 3,8%, respectivamente, sendo as porcentaxes de descenso da provincia de Lugo e Ourense do 3,5% e do 2,6%, respectivamente.

- **Perfil do traballador autónomo**

Xunto ás sociedades mercantís inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón, un elemento fundamental do tecido empresarial son os traballadores autónomos. A 31 de decembro de 2012 había en Galicia un total de 224.994 afiliados por conta propia na Seguridade Social (214.846 no réxime especial de traballadores autónomos), que representan o 7,4% do total nacional. Dese número total, 144.305 persoas son autónomos propiamente ditos, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores, e representan o 7,6% do total estatal de autónomos propiamente ditos, un peso que se mantén inalterado a pesar do descenso do 2% no número de traballadores autónomos.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos, igual que en anos anteriores, é o dunha persoa que traballa no sector servizos (aínda que cunha importante presenza na agricultura), sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón (aínda que cunha elevada presenza de mulleres), entre 40 e 54 anos (cunha importante presenza de persoas maiores de 55 anos), español, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre salientar tanto a elevada presenza dos autónomos galegos no sector agrícola, como o maior peso das mulleres, así como a presenza de maiores de 55 anos.

Dinámica empresarial

Tal como ven acontecendo nos últimos anos, novamente no ano 2012 continúa o incremento no número de sociedades mercantís creadas, entendendo por estas as inscritas no Rexistro Mercantil, independentemente da data na que comezan a realizar as operacións comerciais. Este incremento interanual é do 1,4% en Galicia e do 2,7% no conxunto do Estado.

Así mesmo, cómpre salientar que as 4.142 sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2012 subscribiron 229 millóns de euros de capital (o 99,8% do mesmo desembolsado), case 250 millóns de euros menos que as 4.085 sociedades mercantís creadas no ano anterior. Esas 4.142 firmas representan o 4,7% das sociedades creadas no conxunto do Estado.

O 99,4% das sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2012 son sociedades de responsabilidade limitada e só 23 das 4.142 creadas son sociedades anónimas, subscribindo estas 23 S.A. o 8,6% do total de capital subscrito, o que supón un notable descenso en relación ao ano anterior, onde as 32 sociedades mercantís creadas subscribiran máis de 304 millóns de euros.

Despois do forte incremento de máis do 200% experimentado polo capital social das empresas creadas no ano 2011, este no ano 2012 redúcese nun 52%, acadando os 229 millóns de euros, fronte aos 478


Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas nas CC.AA. 2012 (1)

	creadas		amplían capital		disoltas
	número	capital subscrito (en miles de euros)	número	capital subscrito (en miles de euros)	número
Andalucía	14.392	928.357	5.403	5.420.769	3.279
Aragón	1.973	113.016	1.046	1.276.840	857
Asturias	1.279	134.737	559	356.350	462
Baleares	2.514	68.245	1.031	716.150	848
Canarias	3.144	85.559	1.126	787.563	893
Cantabria	696	13.739	295	845.056	324
Castela e León	2.816	109.406	1.481	593.181	1.195
Castela - A Mancha	2.863	99.902	1.124	422.846	577
Cataluña	16.192	885.579	7.790	8.573.440	2.886
C. Valenciana	10.333	564.435	3.320	9.298.319	2.065
Estremadura	1.154	39.647	503	164.378	460
Galicia	4.142	229.210	1.772	1.827.400	1.714
A Coruña	1.657	89.936	744	930.380	661
Lugo	393	17.704	185	33.731	191
Ourense	403	41.538	193	87.715	135
Pontevedra	1.689	80.032	650	775.574	727
Madrid	18.291	3.736.815	7.576	21.632.570	4.790
Murcia	2.764	219.577	1.213	547.862	210
Navarra	939	97.043	476	392.523	175
País Vasco	2.984	246.342	1.535	6.380.048	1.626
A Rioxa	439	11.546	241	79.354	176
Ceuta e Melilla	151	6.090	43	9.721	31
Total	87.066	7.589.240	36.534	59.324.366	22.568


(1) datos provisionais
Fonte: *INE*

3.1.4.

Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2004-12 (1)



Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2010-12 (1)



(1) taxas de variación interanual
Fonte: *INE*

3.1.5.

Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2011-12 (1): distribución segundo forma xurídica e capital

	Galicia		España		Galicia / España	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
						(%)
Total						
nº sociedades	4.085	4.142	84.781	87.066	4,8	4,8
capital						(en miles de €)
subscrito	477.678	229.210	21.383.684	7.589.240	2,2	3,0
desembolsado	414.234	228.805	21.158.382	7.405.066	2,0	3,1
Sociedades anónimas						
nº sociedades	32	23	665	576	4,8	4,0
capital						(en miles de €)
subscrito	304.132	19.847	17.423.276	2.944.713	1,7	0,7
desembolsado	240.689	19.442	17.197.973	2.760.586	1,4	0,7
Sociedades limitadas						
nº sociedades	4.053	4.119	84.106	86.476	4,8	4,8
capital						(en miles de €)
subscrito	173.546	209.362	3.949.860	4.644.230	4,4	4,5
desembolsado	173.546	209.362	3.949.860	4.644.230	4,4	4,5

(1) datos 2012 son provisionais
Fonte: *INE*

■ 3.1.6.

millóns do ano anterior. Cómpre salientar que no conxunto do Estado o capital subscrito redúcese a taxas en torno ao 53%.


Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que Pontevedra foi a provincia co maior ascenso no número de sociedades constituídas, con 43 empresas máis que en 2011, seguida de Ourense, con 23 máis, e de A Coruña, con 18 sociedades máis, sendo Lugo a única provincia onde descende o número de sociedades mercantís constituídas, con 27 menos que no ano anterior. As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis do 80% das sociedades constituídas en Galicia (1.689 empresas en Pontevedra e 1.657 empresas en A Coruña).

O capital subscrito polas novas sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2012 redúcese á metade. Este descenso esténdese a todas as provincias, agás Lugo, onde, asociado a unha menor creación de sociedades mercantís, increméntase nun 42% o capital que se subscribe. No que atinxe ao capital subscrito, en A Coruña, asociado ao incremento do 1,1% do número de empresas constituídas, o capital subscrito redúcese nun 67% en relación ao ano anterior.

Tomando como indicador da taxa de creación de empresas a rateo "número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes", Galicia creou no último ano 14,9 sociedades por cada dez mil habitantes (18,4 no conxunto do Estado), situándose por detrás de Madrid, con 28,1; Baleares, con 22,5; Cataluña, con 21,4; Valencia, con 20,1; Murcia, con 18,7 sociedades; e Andalucía con 17 sociedades por cada 10.000 habitantes Esta comparativa está influída polo feito de que Galicia, xunto con Castela e León, son as Comunidades Autónomas que no ano 2012 perden máis poboación tanto en termos absolutos (13.924 e 12.385 habitantes menos, respectivamente) como relativos, co 0,5% menos de poboación en ámbolos dous casos.

Pontevedra presenta no último ano considerado a taxa de creación de empresas

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2009-



(1) índice de rotación: % disolucións / constitucións de sociedades mercantís
Fonte: *INE*

3.1.7.

máis elevada das catro provincias galegas, con 17,6 sociedades creadas por cada 10.000 habitantes, por debaixo da media española (18,4). No extremo oposto, Lugo e Ourense, cunha creación de 11,3 e 12,2 empresas por cada 10.000 habitantes, respectivamente.

No que respecta á desaparición de sociedades, no conxunto do ano 2012 o número de empresas que se disolveron en Galicia incrementouse un 16,9%. A cifra acadou as 1.714 sociedades mercantís, 248 máis que en 2011, o que representa o 7,6% das empresas disoltas en España no último ano.

Se consideramos o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións, na comunidade autónoma galega disolvéronse un total de 41,4 empresas por cada cen sociedades constituídas, 15,5 máis que a media estatal. Comparada co rexistrado no ano anterior, esta rateo medrou en Galicia en 5,5 empresas máis disoltas por casa 100 creadas, mentres que o incremento foi de 2,6 en España (**cadro 3.1.7.**).

Este índice de rotación presenta un valor superior á media española en todas as provincias galegas: Lugo rexistra en 2012 un índice de rotación de 48,6 sociedades disoltas por cada cen constituídas; Pontevedra, de 43; en tanto que en A Coruña e Ourense esta rateo é de 39,9 e 33,5 sociedades, respectivamente.

No ano 2012 prodúcese un incremento no número de empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial (58 en Galicia en 2012). As empresas concursadas en Galicia en 2012 son 481, un 17,3% máis que no ano 2011, fronte ao incremento do 32% de media no conxunto do Estado. O 82,3% desas empresas concursadas en Galicia son sociedades de responsabilidade limitada (396 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas (63 empresas) (**cadro 3.1.8.**).

Segundo a actividade económica exercida pola empresa concursada, a construción, con 148 empresas (30,8% do total), a industria e enerxía, con 115 empresas (23,9% do total) e o comercio por xunto, con 96 empresas (20% do total) son as actividades que sofren un maior número de casos de concurso de acredores en Galicia no ano 2012. En concreto é destacable o incremento en preto do 30% das empre-

Empresas concursadas en Galicia e España 2009-12: distribución segundo actividade económica

	Galicia				España			
	2009	2010	2011	2012	2009	2010	2011	2012
Total	274	295	410	481	5.175	4.990	5.910	7.799
Agricultura e pesca	6	4	1	2	47	53	64	71
Industria e enerxía	76	81	106	115	1.245	1.013	1.125	1.444
Bens intermedios	36	33	37	42	569	415	432	575
Bens de capital	10	18	36	42	277	289	302	417
Bens de consumo	4	4	5	3	100	75	104	136
Bens de consumo non duradeiro	24	24	26	26	284	222	262	299
Enerxía	2	2	2	2	15	12	25	17
Construcción	98	86	128	148	1.733	1.599	1.914	2.350
Edificios e promoción inmobiliaria	72	65	81	105	1.235	1.089	1.313	1.552
Resto	26	21	47	43	498	510	601	798
Servizos	81	113	160	184	1.871	2.039	2.435	3.308
Comercio maiorista	42	52	78	96	806	752	921	1.275
Comercio polo miúdo e vehículos	7	12	6	10	85	64	128	172
Transporte e almacenamento	13	17	28	20	195	243	265	343
Hostelería	-	6	5	11	104	165	188	252
Información e comunicacións	1	4	2	1	72	86	100	146
Inmobiliarias, finaceiras e seguros	2	4	3	2	135	171	189	242
Actividades profesionais e técnicas	9	9	15	20	185	219	263	326
Actividades administrativas e serviz.aux.	2	3	9	16	152	162	192	272
Resto de servizos	5	6	14	8	137	177	189	280
Sen clasificar	13	11	15	32	279	286	372	626

(1) actividade económica principal, CNAE-09
Fonte: *INE*

3.1.8.

sas concursadas na construción de edificios e promoción inmobiliaria.

Finalmente, salienta que o 17,9% do total de empresas concursadas tiñan entre 10 e 19 asalariados, e o 13,7% teñen entre 20 e 49 empregados, así como que no ano 2012 entran en concurso de acredores 8 empresas con máis de 100 asalariados, das que 4 están rexistradas na provincia de Lugo, dúas en A Coruña e outras dúas en Pontevedra.

Tomando como referencia e explotación estatística que elabora o INE do *Directorio Central de Empresas*, o **cadro 3.1.9.** mostra as empresas existentes en Galicia no ano 2012, entendendo por empresas, segundo a metodoloxía utilizada, as definidas como unha organización sometida a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

Tendo en conta a metodoloxía sinalada, no ano 2012 existían en Galicia 195.328 empresas, o 6,1% do total estatal, e unhas 1.207 menos que no ano anterior. O 76,9% das empresas existentes pertencen ao sector servizos, onde salientan por número de empresas as actividades de "comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 50.423 empresas, seguidas das actividades de "Hostalería" e "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con aproximadamente 20.000 empresas en ambos casos. O sector da construción acolle a

Empresas en Galicia e España 2012 (1): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2012			12 / 11		Índice de especialización
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia
Total	195.328	3.219.811	6,1	-455	-5.734	1,00
Industria e enerxía	13.459	214.992	6,3	-229	-5.943	1,02
Industria extractiva	349	2.677	13,0	-17	-66	2,21
Industria manufactureira	12.368	190.603	6,5	-221	-6.075	1,06
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	490	15.036	3,3	-9	184	0,56
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e desconta	252	6.676	3,8	18	14	0,58
Construción	31.708	462.402	6,9	-978	-24.822	1,11
Servizos	150.161	2.542.417	5,9	752	25.031	0,98
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motoc	50.423	773.657	6,5	-631	-8.537	1,08
Transporte e almacenamento	12.588	212.343	5,9	-436	-4.721	0,99
Hostalería	20.648	285.813	7,2	-194	-1.621	1,20
Información e comunicacións	1.177	28.680	4,1	11	60	0,59
Actividades financeiras e de seguros	4.751	70.489	6,7	57	819	1,11
Actividades inmobiliarias	4.395	128.386	3,4	354	4.645	0,54
Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.186	379.056	5,3	-486	-12.567	0,87
Actividades administrativas e servizos auxiliares	7.733	161.008	4,8	99	-1.320	0,78
Educación	4.993	80.486	6,2	329	3.398	1,00
Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.925	141.073	4,9	27	-368	0,81
Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento	4.426	74.848	5,9	132	1.654	0,97
Outros servizos	10.310	160.602	6,4	-116	-2.387	1,06

(1) datos a 1 de xaneiro de 2012

Fonte: *INE*

3.1.9.

Empresas en Galicia e España 2012 (1): principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

		Galicia	España	Galicia / España (%)	Índice especialización Galicia
1	Procesado e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	188	695	27,1	4,45
2	Construcción naval	134	499	26,9	4,42
3	Aserrado e cepillado da madeira	333	1.249	26,7	4,39
4	Transporte de mercadorías por vías navegables interiores	2	8	25,0	4,11
5	Telecomunicacións por satélite	21	104	20,2	3,32
6	Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores	12	65	18,5	3,04
7	Extracción de lignito	1	6	16,7	2,74
8	Fabricación doutro material de transporte	144	869	16,6	2,73
9	Extracción de minerais metálicos non férreos	7	43	16,3	2,68
10	Extracción de minerais metálicos	9	63	14,3	2,35
11	Refino de petróleo	2	14	14,3	2,35
12	Extracción de pedra, area e arcilla	322	2.290	14,1	2,31
13	Corte, tallado e acabado da pedra	574	4.086	14,0	2,31
14	Outras industrias extractivas	335	2.453	13,7	2,25
15	Fabricación de xeradores de vapor, excepto caldeiras de calefacción central	6	51	11,8	1,94
16	Fabricación de instrumentos musicais	24	211	11,4	1,87
17	Fabricación de productos de panadería e pastas alimenticias	1.184	10.700	11,1	1,82
18	Comercio polo maior de materias primas agrarias e de animais vivos	1.066	9.818	10,9	1,79
19	Coquerías e refino de petróleo	2	19	10,5	1,73
20	Fabricación de bebidas	513	5.025	10,2	1,68
21	Extracción de minerais de ferro	2	20	10,0	1,64
22	Confección de prendas de vestir, agás peletería	867	8.784	9,9	1,62
23	Industria da madeira e do corcho, agás mobles; cestería e espartería	1.235	12.707	9,7	1,60
24	Confección de prendas de vestir	937	9.710	9,6	1,59
25	Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais	26	274	9,5	1,56
	Total grupos CNAE2009	194.511	3.199.617	6,1	1,00

(1) datos a 1 de xaneiro de 2012

Fonte: *INE*

3.1.10.

31.708 empresas e a industria e enerxía, en torno a 13.500.

Se tomamos como referencia para caracterizar a estrutura produtiva de Galicia en relación á media estatal o índice de especialización, que mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal, observamos que as ramas de actividade cun índice de participación relativa maior son, **cadro 3.1.10.**, cun índice de especialización dun 4,4, as de "Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos", "Construción naval" e "Serradura e cepilladura da madeira", seguidas polas actividades de "Transporte de mercadorías por vías navegables interiores", cun índice do 4,1.

Empresas de economía social

A lei estatal 5/2011, de 29 de marzo, de economía social, no seu artigo 2 define as empresas de economía social como o conxunto de actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado realizan aquelas entidades que, de conformidade cunha serie de principios, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos. Os principios orientadores das entidades de economía social son:

a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta na xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as s aportacións de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás aportacións ao capital social.

b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo aportado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios, ou polos seus membros e, no se caso, ao fin social obxecto da entidade.

c) Promoción da solidarizade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sostenibilidade.

d) Independencia respecto dos poderes públicos.

En Galicia ao longo do ano 2012 continúa o lixeiro aumento do número de cooperativas activas ou en funcionamento, así como dos seus socios iniciais. A 31 de decembro de 2012, o número de sociedades situouse nas 919 (13 máis que na mesma data do ano anterior) e o de socios iniciais, en 8.530 (175 persoas máis que en 2011). A nivel estatal, existe unha importante concentración das sociedades cooperativas en Cataluña e Andalucía, que en conxunto agrupan o 41% das cooperativas españolas e o 31,8% dos traballadores. Por volume de traballadores, cabe salientar o caso do País Vasco onde con só o 7,1% das cooperativas existentes no conxunto do Estado, acolle ao 19,2% do total de traballadores deste tipo de sociedades.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,3% das sociedades cooperativas e o 3% dos traballadores neste tipo de empresas.

Ao longo do ano 2012 constituíronse en Galicia un total de 51 sociedades cooperativas, cun total de 515 socios iniciais, o que representou o 0,5% do total de cooperativas constituídas en España e o 4,8%

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2011-12 (1)

	2011				2012				12/11	
	Sociedades		Traballadores (2)		Sociedades		Traballadores		Sociedades	Traballadores
		(% / total)		(% / total)		(% / total)		(% / total)	(%)	
Andalucía	4.297	20,0	55.710	19,4	4.033	18,8	53.639	18,7	-6,1	-3,7
Aragón	781	3,6	6.593	2,3	754	3,5	6.412	2,2	-3,5	-2,7
Asturias	234	1,1	2.894	1,0	233	1,1	2.721	0,9	-0,4	-6,0
Baleares	208	1,0	2.391	0,8	208	1,0	2.059	0,7	0,0	-13,9
Canarias	293	1,4	5.518	1,9	276	1,3	4.913	1,7	-5,8	-11,0
Cantabria	75	0,3	1.091	0,4	76	0,4	1.220	0,4	1,3	11,8
Castela-A Mancha	1.360	6,3	11.388	4,0	1.294	6,0	11.085	3,9	-4,9	-2,7
Castela e León	1.311	6,1	9.719	3,4	1.266	5,9	9.527	3,3	-3,4	-2,0
Cataluña	4.744	22,1	37.886	13,2	4.773	22,2	37.752	13,2	0,6	-0,4
C. Valenciana	2.633	12,2	47.654	16,6	2.582	12,0	48.149	16,8	-1,9	1,0
Estremadura	640	3,0	5.554	1,9	634	2,9	5.561	1,9	-0,9	0,1
Galicia	906	4,2	8.355	2,9	919	4,3	8.530	3,0	1,4	2,1
Madrid	1.048	4,9	14.156	4,9	1.044	4,9	14.207	5,0	-0,4	0,4
Murcia	1.465	6,8	16.958	5,9	1.380	6,4	17.255	6,0	-5,8	1,8
Navarra	343	1,6	6.794	2,4	337	1,6	6.658	2,3	-1,7	-2,0
País Vasco	1.522	7,1	55.614	19,4	1.533	7,1	55.125	19,2	0,7	-0,9
Rioxa	122	0,6	1.539	0,5	117	0,5	1.519	0,5	-4,1	-1,3
Ceuta e Melilla	40	0,2	484	0,2	40	0,2	580	0,2	0,0	19,8
Total	22.022	102	290.298	101	21.499	100	286.912	100	-2,4	-1,2

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano

(2) o número de traballadores refírese ós centros de cotización

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.11.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2011-12 (1)

	2011				2012				12/11	
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores		Sociedades	Traballadores
		(% / total)		(% / total)		(% / total)		(% / total)	(%)	
Andalucía	3.168	23,5	16.076	21,6	2.838	23,1	13.707	20,3	-10,4	-14,7
Aragón	478	3,5	1.830	2,5	445	3,6	1.694	2,5	-6,9	-7,4
Asturias	500	3,7	2.973	4,0	453	3,7	3.336	4,9	-9,4	12,2
Baleares	139	1,0	729	1,0	131	1,1	838	1,2	-5,8	15,0
Canarias	440	3,3	2.015	2,7	372	3,0	1.778	2,6	-15,5	-11,8
Cantabria	120	0,9	1.026	1,4	114	0,9	938	1,4	-5,0	-8,6
Castela -A Mancha	1.231	9,1	5.553	7,5	1.087	8,8	4.679	6,9	-11,7	-15,7
Castela e León	635	4,7	2.687	3,6	593	4,8	2.372	3,5	-6,6	-11,7
Cataluña	1.217	9,0	6.635	8,9	1.086	8,8	6.146	9,1	-10,8	-7,4
C. Valenciana	1.048	7,8	5.283	7,1	986	8,0	5.069	7,5	-5,9	-4,1
Estremadura	324	2,4	1.719	2,3	303	2,5	1.369	2,0	-6,5	-20,4
Galicia	709	5,3	3.323	4,5	669	5,4	3.113	4,6	- 5,6	- 6,3
Madrid	1.471	10,9	8.736	11,7	1.367	11,1	7.818	11,6	-7,1	-10,5
Murcia	773	5,7	4.846	6,5	722	5,9	4.551	6,7	-6,6	-6,1
Navarra	396	2,9	2.791	3,7	370	3,0	2.507	3,7	-6,6	-10,2
País Vasco	762	5,7	7.918	10,6	709	5,8	7.275	10,8	-7,0	-8,1
Rioxa	43	0,3	220	0,3	39	0,3	178	0,3	-9,3	-19,1
Ceuta e Melilla	11	0,1	78	0,1	10	0,1	77	0,1	-9,1	-1,3
Total	13.465	100	74.438	100	12.294	100	67.445	100	-8,7	-9,4

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.12.

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2011-12: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2011		2012		2011		2012	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	48	157	60	263	1.145	4.336	1.006	3.895
Agrario	-	-	1	3	20	67	18	68
Non agrario	48	157	59	260	1.125	4.269	988	3.827
Industria	8	30	19	115	173	856	153	735
Construción	5	15	3	11	126	479	95	357
Servizos	35	112	37	134	826	2.934	740	2.735

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.13.

dos socios. En relación ao ano anterior, increméntase nunha o número de cooperativas constituídas e diminúe en 336 o número de cooperativistas das mesmas.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 38 sociedades, por diante das catro cooperativas de vivendas e cinco agrarias. En termos do número de cooperativistas, as cinco cooperativas agrarias acollen a 124 socios iniciais.

Tal como viña acontecendo en anos anteriores, o número de sociedades laborais en España descendeu ao logo do ano 2012 en 1.171 empresas, acadando a 31 de decembro deste ano as 12.294 sociedades (SA e SL). Galicia ten no ano 2012, 669 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (40 menos que no ano anterior), un 5,4% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 3.113 socios iniciais, o que representa o 4,6% dos socios no conxunto do Estado (67.445 socios iniciais) (**cadro 3.1.12.**).

No ano 2012 increméntase en 12 o número de sociedades laborais rexistradas e en 106 o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 60 sociedades laborais (48 en 2011), que agruparon a 263 socios. Fronte ao aumento en Galicia, no conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, así Galicia acolle o 5,9%, do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 6,7% dos socios iniciais destas sociedades.

O sector servizos acolle en torno ao 61,7% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (37 sociedades) e o 51% dos socios (134 socios iniciais). Destacar o incremento no número de sociedades laborais rexistradas no sector industrial que pasa de 8 no ano 2011 a 19 con 115 socios no ano 2012.

No concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.14.**, en Galicia, 58 de cada 100 persoas que traballan nestas sociedades son homes; o 40,5% dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e a mesma porcentaxe, 40,5%, entre 40 e 54 anos; e un 82,1% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que máis da metade dos traballadores da economía social en Galicia (58,2%) -excluídos os autónomos- mantén unha relación superior a tres anos (41,5% de media no conxunto do Estado) e que un 16,4% dos tra-

Traballadores da economía social en Galicia e España 2012 (1): principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
				(%)		
sexo						
varóns	58,5	57,7	58,5	60,5	57,6	54,2
mulleres	41,5	42,3	41,5	39,5	42,4	45,8
idade						
menores de 25 anos	4,2	4,1	6,0	3,3	4,1	5,3
de 25 a 39 anos	40,5	39,8	47,0	35,7	41,5	42,1
de 40 a 54 anos	40,5	39,6	37,0	44,8	39,8	40,4
de 55 anos ou máis	14,8	16,5	10,0	16,2	14,6	12,3
nacionalidade						
española	97,2	98,4	95,0	97,5	96,8	91,7
estranxeira	2,8	1,6	5,0	2,5	3,2	8,3
tipo de relación						
indefinida	80,3	76,6	85,1	83,6	79,0	76,7
temporal	19,7	23,4	14,9	16,4	21,0	23,3
tipo de xornada						
tempo completo	82,1	78,3	86,1	89,4	78,3	80,4
tempo parcial	17,9	21,7	13,9	10,6	21,7	19,6
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	16,4	18,7	11,7	9,8	20,2	34,6
de 6 meses a 1 ano	10,9	11,0	16,6	6,6	10,6	10,0
de 1 a 3 anos	14,7	16,5	12,5	14,0	14,2	14,0
de 3 a 5 anos	11,2	11,2	12,8	11,8	10,0	10,0
máis de 5 anos	47,0	42,6	46,4	57,8	45,0	31,5
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	23,2	24,7	29,9	16,6	22,7	
6-10 traballadores	16,1	18,1	17,4	9,6	17,4	
11-25 traballadores	16,6	21,0	13,3	12,3	16,2	
26-50 traballadores	13,7	15,3	7,8	8,7	17,7	
51-100 traballadores	6,4	7,2	12,1	6,9	2,7	
101-250 traballadores	11,6	10,1	9,2	2,6	19,8	
máis de 250 traballadores	12,4	3,6	10,4	43,3	3,5	
sector de actividade						
agricultura	7,0	4,8	8,8	16,9	0,8	
industria	32,2	21,9	35,4	40,3	34,5	
construción	7,9	7,6	6,2	10,9	6,9	
servizos	52,9	65,7	49,6	31,9	57,8	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

3.1.14.

balladores mantén unha relación inferior a seis meses (34,6% de media estatal).

O tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 39,3% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 47,3% na provincia de Lugo), e no 24% das mesmas hai máis de cen traballadores (45,9% en Ourense).

Finalmente, por sectores de actividade, o sector servizos é no que existe maior emprego social, co 52,9% do total, seguido da industria, co 32,2%, da construción, co 7,9%, e da agricultura, co 7%.

Esforzo pola calidade
PENDENTE TÁBOA

Certificacións emitida por AENOR 2010-11 (1): distribución segundo norma

tipo	norma	2010	2011
Certificación da calidade			
Sistemas de xestión da calidade ISO 9001	ISO 9001		
Sistemas de xestión da calidade da industria do autómobil	ISO/TS 16949		
Sistemas de xestión da calidade da industria aeroespacial	UNE-EN 9100		
Sistemas de xestión da calidade en produtos sanitarios	ISO 13485		
Sistemas de xestión da calidade en empresas de transporte sanitario	UNE 179002		
Sistema de xestión da calidade en centros técnicos de tacógrafos dixitais	UNE 66926		
Sistemas de xestión da calidade en servizos de TIC's	UNE-ISO/IEC 20000-1		
Certificación da I+D+I			
Sistemas de xestión da I+D+i	UNE 166002		
Certificación medioambiental			
Sistemas de xestión medioambiental	ISO 14001:2004		
Verificación EMAS	Regulamento CE 1221/2009		
Sistema de xestión enerxética	ISO 50001		
Cadena de custodia de produtos forestais	CdC		
Certificación de seguridade e saúde laborais			
Sistema de xestión de seguridade e saúde no traballo	OHSAS 18001		
Auditoría regulamentaria prevención riscos laborais	Lei 31/1995		
Sistema de xestión da seguridade da información	UNE-ISO/IEC 27001		
Sistema de xestión da inocuidade dos alimentos	UNE-EN ISO 22000		
Certificación de Protocolos Privados IFS International Food Standard	IFS		
Certificación de Protocolos Privados BRC Global Standard for Food Safety	BRC		

(1) certificados emitidos a empresas galegas a 31 de decembro de cada ano
Fonte: *AENOR*

3.1.15.

.

TRESDOUS. estrutura produtiva

O Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado, prezos correntes, rexistrou no ano 2012 unha taxa de crecemento negativa do 1,2%, dúas décimas por encima da media española.

As taxas de variación interanual do VEB a prezos de mercado por ramas de actividade mostran resultados negativos, agás nas ramas agraria e pesqueira, cunha taxa nula de variación interanual do seu VEB. Así, observamos como a rama industrial varía o seu valor engadido bruto a taxas interanuais inferiores ás do ano 2011 nun –1,3%, mentres que a construción aumenta a intensidade na redución do seu VEB pm, sendo a taxa de variación interanual –4,1%, cando no ano anterior fora do –3,3%. Destaca desfavorablemente o sector servizos, cunha variación negativa do seu VEB do –1%. Dende o ano 2000 (primeiro da serie), é a segunda vez, trás o ano 2009, que o valor engadido polo sector servizos decrece en relación ao ano anterior.

O descenso na actividade económica a nivel galego e estatal estabiliza o peso relativo da economía galega, que se mantén constante en torno ao 5,4% nos últimos anos. Como reflicte o **gráfico 1.5.6.** *[Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2003-12]*, o peso do PIB galego a prezos de mercado no total estatal sitúase no 5,1% en 2003 e no 5,4% en 2012.

Tal como se observa no capítulo 2 da presente Memoria económica e social de Galicia, os efectos no mercado laboral da crise económica son graves e profundos, estendéndose a todas as ramas de actividade. O volume de ocupación no ano 2012 redúcese nun 4%, en concreto as ramas agrarias e pesqueira perden o 4% da súa ocupación, as ramas industriais o

VEB e emprego 2011-12 : distribución segundo sectores económicos

	VEB (1)		Emprego	
	2011	2012	2011	2012
	(taxas de variación interanuais)			
Total	-0,1	-1,2	-1,6	-4,0
Ramas agraria e pesqueira	2,3	0,0	-4,0	-4,0
Ramas industriais	-3,8	-1,3	2,3	-6,7
Construción	-3,3	-4,1	-13,2	-13,6
Servizos	1,2	-1,0	-0,6	-2,2

(1) VEBpm, índices de volume encadenados; base 2008; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2013)

■ 3.2.1.

VEB das CC.AA. 2012 (1): distribución segundo ramas de actividade

	Total		Agricultura, gandería e pesca		Industria		Construción		Servizos	
		(%) / VEB España		*(%) / VEB*		*(%) / VEB*		*(%) / VEB*		*(%) / VEB*
Andalucía	140.756.636	13,4	6.171.328	23,7	15.440.645	9,5	12.734.418	14,5	94.787.824	13,8
Aragón	33.505.988	3,2	1.427.961	5,5	7.130.850	4,4	3.040.707	3,5	19.139.846	2,8
Asturias	22.070.878	2,1	400.603	1,5	4.248.051	2,6	2.152.715	2,5	13.447.094	2,0
Baleares	26.767.227	2,5	229.786	0,9	2.090.048	1,3	2.179.844	2,5	20.057.351	2,9
Canarias	41.502.601	4,0	472.398	1,8	3.316.239	2,0	3.053.793	3,5	31.233.258	4,6
Cantabria	12.912.894	1,2	259.616	1,0	2.580.333	1,6	1.255.539	1,4	7.751.175	1,1
Castela e León	55.020.612	5,2	3.557.598	13,7	10.512.813	6,4	4.765.594	5,4	31.641.498	4,6
Castela-A Mancha	36.163.447	3,4	2.481.711	9,5	6.758.956	4,1	3.946.377	4,5	19.990.350	2,9
Cataluña	198.633.405	18,9	2.484.918	9,6	38.194.996	23,4	14.053.070	16,0	127.499.057	18,6
C. Valenciana	100.047.287	9,5	1.887.584	7,3	15.769.509	9,7	9.772.513	11,1	64.356.673	9,4
Estremadura	16.653.283	1,6	1.024.563	3,9	1.893.652	1,2	1.972.795	2,2	10.387.194	1,5
Galicia	56.375.594	5,4	2.638.468	10,1	10.005.957	6,1	5.561.909	6,3	33.514.269	4,9
Madrid	188.254.834	17,9	218.439	0,8	18.206.612	11,1	13.249.344	15,1	141.036.043	20,5
Murcia	27.363.465	2,6	1.354.288	5,2	4.077.971	2,5	2.443.066	2,8	17.228.710	2,5
Navarra	18.126.132	1,7	507.575	2,0	5.031.117	3,1	1.379.630	1,6	9.711.117	1,4
País Vasco	65.261.436	6,2	466.480	1,8	15.941.642	9,8	5.275.119	6,0	38.189.491	5,6
A Rioxa	7.947.558	0,8	432.105	1,7	1.997.509	1,2	664.754	0,8	4.196.952	0,6
Ceuta e Melilla	2.816.964	0,3	3.579	0,0	134.100	0,1	217.813	0,2	2.228.872	0,3
Total	1.050.180.241		26.019.000		163.331.000		87.719.000		686.396.774	

(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en miles de euros; datos de primeira estimación (consulta: 01-04-2013)
Fonte: *INE*

■ 3.2.2.

6,7%, a construción o 13,6% e os servizos o 2,2%.

Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario galego é un eixo fundamental da economía galega, tanto dende o punto de vista do seu valor engadido como do emprego xerado polo sector.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) experimentou en 2012 unha taxa de crecemento nula, manténdose a produción do ano anterior. Dende a perspectiva trimestral, as taxas interanuais de crecemento experimentaron valores positivos nos dous primeiros trimestres do ano, sendo a máis elevada a rexistrada no primeiro trimestre, cun 2,3%, cambiando a negativas no terceiro e cuarto trimestre, acadándose neste último unha taxa de variación do –2,2%.

En termos absolutos, o Valor Engadido Bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) acadou en 2012, segundo os datos da Contabilidade rexional do INE, os 2.638,5 millóns de euros, o que representa o 10,1% do VEB xerado polo sector no conxunto do Estado. Galicia é a terceira comunidade con maior valor engadido polo sector, por detrás de Andalucía e Castela e León.

A aportación do sector primario ao valor engadido total da economía galega increméntase levemente nos últimos anos, situándose no ano 2012 no 4,7% do VEB total da Comunidade, superando á media estatal que foi do 2,5%

Por outra banda, é preciso salientar a importancia social do sector primario en termos de emprego. Así, a aportación ao emprego total case duplica a media estatal: no ano 2012 supón un 7,7% en Galicia fronte a un 4,3% no Estado. Deste xeito os 79.800 ocupados galegos no sector, supoñen o 10,6% do total de ocupados no sector primario en España.

No ano 2012 continúa o proceso de redución do emprego nas ramas de actividade agraria e pesqueira. Segundo os datos da EPA, o número de traballadores ocupados no conxunto das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e acuicultura descendeu en 3.400 persoas, un 4% respecto ao ano anterior. Neste senso é importante resaltar a pronunciada tendencia á perda de emprego no sector, así pásase de ocupacións en torno ás 460 persoas a principios dos anos 80, ou de 230 mil a mediados dos 90, ás xa citadas 79.800 persoas ocupadas no sector en Galicia no ano 2012.

No que atinxe á distribución xeral da terra, o **cadro 3.2.3.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 26,8% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 43,1%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 11,9% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 26,6%. Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 61,6% da superficie total galega, ascendendo esta porcentaxe ao 37,3%, no conxunto do Estado. O peso relativo da superficie correspondente a prados e pasteiros é similar en Galicia e España.

- **Subsector agrogandeiro**

A agricultura galega caracterízase por un elevado minifundismo que condiciona de xeito fundamental a viabilidade e rendibilidade das explotacións. Neste senso, no ano 2007, último dato dispoñible, o 91% das explotacións galegas tiñan menos de 20 ha de extensión, e menos dun 1% das explotacións superaban as 50 ha. Analizando o réxime de tenza da terra, en Galicia, no ano 2007, o 80% da superficie agraria útil é utilizada polo seu propietario, e só o 15,7% é arrendada, fronte aos datos medios estatais que son do 69,1% e do 27,3%, respectivamente.

Os procesos de axuste do sector agrogandeiro, xunto cos evolución demográfica galega na última década, traen como consecuencia o descenso no número de explotacións e o incremento da superficie agraria media por explotación, aínda Que, en comparación coa media estatal, o grao de parcelación da superficie agraria en Galicia continúa sendo moi elevada, constituíndo un grave problema para acadar a viabilidade económica das explotacións.

A análise, en base a datos 2007, da dimensión económica das explotacións agrarias galegas reflicte que un 85,4% das mesmas

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2012

	Galicia		España		Galicia / España
	(en ha.)	*(% / total)*	*(en ha.)*	*(% / total)*	*(%)*
Superficie Agraria Útil	792.144	26,8	21.782.260	43,1	3,6
Superficie cultivada	352.025	11,9	13.422.234	26,6	2,6
Cereais gran	39.289	1,3	6.385.886	12,64	0,6
Leguminosas gran	730	0,0	393.692	0,78	0,2
Tubérculos consumo humano	13.557	0,5	51.341	0,10	26,4
Industriais	14	0,0	948.003	1,88	0,0
Forraxeiras	230.536	7,8	933.578	1,85	24,7
Hortalizas e flores	2.832	0,1	197.081	0,39	1,4
Barbeitos	21.407	0,7	3.085.176	6,10	0,7
Frutais cítricos	197	0,0	305.954	0,61	0,1
Frutais non cítricos	18.660	0,6	1.009.959	2,00	1,8
Hortos familiares	24.803	0,8	111.564	0,22	22,2
Prados e pasteiros	440.119	14,9	8.360.026	16,5	5,3
Superficie forestal	1.820.671	61,6	18.867.323	37,3	9,6
Chopo	978	0,0	138.209	0,3	0,7
Coníferas	323.528	10,9	5.506.835	10,9	5,9
Frondosas crecemento lento	321.338	10,9	3.499.102	6,9	9,2
Frondosas crecemento rápido	274.813	9,3	650.415	1,3	42,3
Coníferas e frondosas	275.201	9,3	1.852.395	3,7	14,9
Matorral	624.813	21,1	7.220.367	14,3	8,7
Outras superficies	318.102	10,8	6.232.964	12,3	5,1
Erial	-	-	1.018.124	2,0	-
Espartizal	-	-	226.460	0,4	-
Baldío	51.712	1,7	999.895	2,0	5,2
Improdutivo	35.614	1,2	1.026.735	2,0	3,5
Non agrícola	212.946	7,2	2.389.037	4,7	8,9
Augas interiores	17.830	0,6	572.713	1,1	3,1
Superficie total	2.957.842	100	50.536.508	100	5,9

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*

3.2.3.

se sitúan por debaixo do mínimo de rendibilidade, situado en 16 UDE (Unidade de Dimensión Europea, equivalente a 1.200 euros de marxe bruto). Así mesmo, dous terzos das explotacións non acadan as 8 UDE.

O sector agrario galego caracterízase por unha grande especialización gandeira, así os usos da superficie agraria útil mostran un orientación cara á alimentación animal, destacando a produción de cultivo forraxeiro, destinándose o 65,5% da superficie cultivada, e a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 55,6% da superficie agraria útil (**táboa 3.2.3.**).

O subsector gandeiro, en concreto o bovino, ten unha gran importancia dentro da produción agraria, tanto no ámbito da produción de carne como de leite.

O prezo medio por litro de leite de Galicia no ano 2012 (**cadro 3.2.4.**) foi de 31,8 céntimos de euro, superior ao do ano anterior e lixeiramente superior tamén ao prezo medio estatal (0,20 € por litro) pero moi inferior ao prezo acadado nos anos 2007 ou 2008.

A produción de leite de vaca incrementouse en Galicia no ano 2012 un 1,8% en relación ao ano anterior, o que supón 41,7 mil

Prezo medio do leite en Galicia e España 2005-12 (1)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
				(en €/100 litros)				
Galicia	29,71	29,61	36,53	36,84	28,74	29,02	30,05	31,80
España	31,25	30,51	36,41	39,08	30,02	30,26	32,23	30,10
Diferencial Galicia / España	-1,54	-0,90	0,12	-2,24	-1,28	-1,24	-2,18	0,02

(1) prezos percibidos polos produtores

Fonte: *Consellería do Medio Rural e do Mar*

3.2.4.

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2011-12 (1)

	2011		2012		12/11	
	(en miles de tm.)	(%)	(en miles de tm.)	(%)	(%)	(en miles de tm.)
Andalucía	461,2	7,4	477,2	7,6	3,5	16,0
Aragón	113,9	1,8	119,6	1,9	5,1	5,8
Asturias	538,9	8,6	538,0	8,6	-0,2	-0,9
Baleares	61,2	1,0	58,7	0,9	-4,1	-2,5
Cantabria	426,6	6,8	425,9	6,8	-0,2	-0,7
Castela e León	803,2	12,8	817,2	13,1	1,8	14,1
Castela-A Mancha	630,5	10,1	220,8	3,5	-65,0	-409,8
Cataluña	622,4	10,0	639,4	10,2	2,7	17,0
C. Valenciana	51,6	0,8	53,4	0,9	3,5	1,8
Estremadura	29,5	0,5	29,7	0,5	0,6	0,2
Galicia	2.334,6	37,3	2.376,3	38,0	1,8	41,7
Madrid	59,4	0,9	56,6	0,9	-4,7	-2,8
Murcia	45,4	0,7	46,9	0,8	3,4	1,5
Navarra	206,3	3,3	211,4	3,4	2,5	5,1
País Vasco	174,8	2,8	167,6	2,7	-4,2	-7,3
A Rioxa	14,9	0,2	15,6	0,2	4,5	0,7
Total	6.160,1	98	6.254,3	100	1,5	94,3

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

Fonte: *Consellería do Medio Rural e do Mar* e *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*

3.2.5.

Cotas leiteiras nas CC.AA. na campaña 2011-12: principais datos

	Cota leiteira		Transferencias		Cesións aprobadas	
	(nº)	(en tm.)	(nº)	(en tm.)	(nº)	(en tm.)
Total	23.281	6.108.729,5	699	137.611	6.232	475.103
Andalucía	768	427.307,8	9	4.178	260	39.711
Aragón	93	86.165,6	1	747	33	4.427
Asturias	2.919	621.950,5	74	14.576	869	62.604
Baleares	214	84.742,8	3	843	58	7.318
Cantabria	1.897	460.688,2	49	8.986	576	44.600
Castela-A Mancha	295	180.934,1	4	1.573	59	10.011
Castela e León	2.237	782.933,7	74	10.388	636	65.374
Cataluña	800	563.662,8	18	9.444	223	38.704
C. Valenciana	29	40.586,8	-	-	2	595
Estremadura	124	30.649,4	2	248	41	3.503
Galicia	12.973	2.292.774,8	447	80.249	3.194	159.682
Navarra	254	194.331,6	5	3.743	29	3.355
País Vasco	555	229.632,0	12	1.442	211	28.117
A Rioxa	16	13.216,3			3	383
Galicia / España (%)	55,7	37,5	63,9	58,3	51,3	33,6

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*

3.2.6.

toneladas máis. A produción de leite acadou os 2,3 millóns de toneladas, o 37,3% da produción total de leite do Estado español.

A cota leiteira dispoñible na comunidade autónoma de Galicia na campaña 2011/12, **cadro 3.2.6.**, foi de 2.293 miles de toneladas, o que representa o 37,5% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 54,6% das explotacións con dereito a cota. O descenso do volume total de toneladas por explotación con cota, que na campaña 2011/12 ascendeu a 177 miles de toneladas (262 miles de toneladas no conxunto do Estado), reforza a Galicia como a C.A. con menor rateo cota/explotación, seguida de Asturias, con 213 toneladas de cota por explotación.

A aposta pola calidade e a especialización é un das principais fortalezas nas que sustentar a recuperación e fortalecemento do sector agrogandeiro en Galicia. Neste senso, os produtos con indicativo de calidade son un exemplo, no caso concreto da agricultura, os produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade son o viño, augardente e licores, agricultura ecolóxica, grelos de Galicia, castaña, tarta de Santiago, pemento do Couto, pataca, pemento de Herbón, faba de Lourenzá e pan de Cea, e no caso da gandería, o queixo, a "ternera gallega", o lacón e o mel.

- **Subsector mar-industria**

O número de buques pesqueiros en Galicia no ano 2011 foi de 4.798, nos que se emprega a 12.552 tripulantes, o que supón o 1,1% do total de ocupados na nosa comunidade no citado ano (**táboa 3.2.7.**).

Aproximadamente o 80% do emprego directo está xerado pola frota que faena no caladoiro nacional, dividíndose o 20% restante, a partes iguais, entre as pesqueiras comunitarias e as internacionais, que suman 233 buques conxuntamente.

Dada a dimensión dos buques que faenan nas pesqueiras comunitarias e internacionais, así como os longos períodos de marea, o número medio de tripulantes nestes buques é de 11, moi superior aos 2,2 tripulantes de media nos buques do caladoiro nacional.

Dentro dos buques do caladoiro nacional, o estrato de frota de artes menores, que traballa fundamentalmente nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con 4.188 embarcacións, acolle ao 55% da poboación ocupada directamente no sector da pesca en Galicia, o que sitúa á frota de baixura como un sector estratéxico con grande importancia económica e social para as poboacións costeiras galegas.

Na pesca extractiva o 90% da poboación ocupada reside nas provincias de A Coruña e Pontevedra, así mesmo, a ocupación é maioritariamente masculina, e só catro de cada cen postos de traballo están ocupados por mulleres. Esta situación cambia radicalmente analizando o sector do marisqueo a pé, onde case o 90% da ocupación é feminina.

Finalmente, no que respecta á facturación da pesca extractiva no ano 2010, último dispoñible, a frota que faena no caladoiro nacional aporta o 40,2% do total da pesca extractiva, as pesqueiras internacionais o 37,1% e as comunitarias o restante 22,7%. O 69% das vendas de peixes e mariscos capturados pola frota con porto base en Galicia realízase a través das lonxas.

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas no ano 2012 descende un ano máis, así a súa produción total é de 175 mil toneladas, un 4,6%

Pesca extractiva: ocupación e facturación segundo estrato

	Buques	Tripulantes	Tripulantes medios	Ocupados	Facturación	Euros / ocupado
					(en miles de euros)	
		(1)			(2)	
Total	4.798	12.552	2,62	13.731	677.292	49.326
Caladoiro nacional	4.565	9.981	2,19	10.913	272.294	24.951
Pesqueiras comunitarias	113	1.249	11,05	1.467	153.425	104.585
Pesqueiras internacionais	120	1.322	11,02	1.351	251.572	186.212

(1) datos correspondentes a 2011
(2) datos correspondentes a 2010
Fonte: *Consellería do Medio Rural e do Mar*

3.2.7.

Actividade pesqueira e marisqueira 2011-12: distribución segundo grandes grupos de especies

	Produción			Valor		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Total	183.501.329	175.003.985	-4,6	474.846.996	440.533.559	-7,2
Algas	82.964	198.834	139,7	52.421	120.269	129,4
Bivalvos	8.722.063	7.413.702	-15,0	67.486.733	52.242.662	-22,6
Cefalópodos	11.663.627	14.025.670	20,3	39.446.143	37.477.659	-5,0
Crustáceos	1.306.424	1.256.293	-3,8	22.356.383	18.756.393	-16,1
Equinodermos	659.195	702.128	6,5	1.875.573	2.056.875	9,7
Gasterópodos	6.593	5.565	-15,6	12.351	10.743	-13,0
Peixes	160.878.020	151.184.037	-6,0	342.972.107	329.191.786	-4,0
Poliquetos	4.654	4.436	-4,7	203.434	207.628	2,1
Resto das descargas	177.789	213.321	20,0	441.852	469.544	6,3
A Coruña	80.355.055	87.695.917	9,1	177.220.224	176.343.740	-0,5
Algas	23.150	956	-95,9	17.615	956	-94,6
Bivalvos	4.287.517	3.463.769	-19,2	30.723.680	23.697.711	-22,9
Cefalópodos	4.808.253	8.514.542	77,1	17.100.329	20.626.872	20,6
Crustáceos	762.442	755.399	-0,9	13.064.792	11.135.455	-14,8
Equinodermos	380.983	372.390	-2,3	975.725	989.281	1,4
Gasterópodos	150	29	-80,7	263	58	-77,9
Peixes	69.992.693	74.480.782	6,4	114.998.110	119.545.141	4,0
Poliquetos	3.007	2.992	-0,5	152.661	163.668	7,2
Resto das descargas	96.861	105.058	8,5	187.049	184.597	-1,3
Lugo	56.577.605	43.472.899	-23,2	120.186.602	112.902.791	-6,1
Algas	-	-		-	-	
Bivalvos	34.413	19.364	-43,7	73.685	51.360	-30,3
Cefalópodos	2.420.391	2.251.986	-7,0	5.770.642	4.946.131	-14,3
Crustáceos	39.020	32.057	-17,8	731.142	564.473	-22,8
Equinodermos	15.744	11.346	-27,9	44.536	33.445	-24,9
Gasterópodos	4.330	3.369	-22,2	6.912	4.668	-32,5
Peixes	53.994.937	41.065.994	-23,9	113.343.762	107.054.024	-5,5
Poliquetos	332	-	-	7.898	-	-100,0
Resto das descargas	68.439	88.783	29,7	208.025	248.690	19,5
Pontevedra	46.568.670	43.835.170	-5,9	177.440.171	151.287.028	-14,7
Algas	59.814	197.878	-95,5	34.806	119.313	242,8
Bivalvos	4.400.133	3.930.568	-11,4	36.689.368	28.493.591	-22,3
Cefalópodos	4.434.983	3.259.142	545,4	16.575.172	11.904.657	-28,2
Crustáceos	504.961	468.837	78,6	8.560.450	7.056.465	-17,6
Equinodermos	262.469	318.392	21,3	855.311	1.034.148	20,9
Gasterópodos	2.113	2.167	2,6	5.177	6.017	16,2
Peixes	36.890.390	35.637.261	-3,4	114.630.234	102.592.620	-10,5
Poliquetos	1.316	1.445	9,8	42.875	43.960	2,5
Resto das descargas	12.489	19.480	56,0	46.778	36.258	-22,5

Fonte: *Consellería do Medio Rural e do Mar*

3.2.8.

Actividade pesqueira e marisqueira 2011-12: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Vigo	35.828.922	33.217.781	-7,3	117.707.759	102.281.420	-13,1
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	37.461.426	40.701.245	8,6	79.892.873	83.370.498	4,4
Burela	34.031.676	23.160.263	-31,9	72.651.364	64.581.334	-11,1
Celeiro	22.456.587	20.266.116	-9,8	46.869.990	47.906.553	2,2
Ribeira	22.065.127	26.977.210	22,3	35.283.976	38.851.857	10,1
Noia	2.010.037	1.293.438	-35,7	12.858.961	8.380.246	-34,8
Portosín	5.782.043	6.723.910	16,3	5.935.774	7.567.096	27,5
O Grove	807.054	691.680	-14,3	6.494.155	6.042.133	-7,0
Cambados	1.469.555	1.373.272	-6,6	7.737.532	5.923.830	-23,4
Cedeira	740.046	888.501	20,1	4.937.057	5.265.050	6,6
Carril	1.099.053	860.269	-21,7	7.198.945	5.221.385	-27,5
Campelo	601.305	731.520	21,7	4.830.215	5.170.801	7,1
Muros	2.436.260	2.811.988	15,4	4.321.517	4.897.664	13,3
A Illa de Arousa	626.789	521.201	-16,8	7.072.381	4.833.332	-31,7
Camariñas	2.382.706	2.462.587	3,4	4.646.563	4.338.409	-6,6
Marín	1.366.262	1.311.428	-4,0	3.483.949	3.648.504	4,7
Rianxo	670.454	541.745	-19,2	5.002.374	3.537.095	-29,3
Cangas	1.885.651	1.242.641	-34,1	4.382.788	3.319.981	-24,2
Malpica	419.964	504.202	20,1	3.308.973	2.704.227	-18,3
Bueu	780.858	542.595	-30,5	3.996.783	2.612.335	-34,6

Fonte: *Consellería do Medio Rural e do Mar*

3.2.9.

menos que no ano 2011, acadando un valor de 440 millóns de euros, un 7,2% menos que no exercicio precedente.

Tanto en volume de produción como no valor da mesma, os peixes segue sendo o grupo de especies máis importante ao representar o 86,4% da produción e o 74,7% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a súa produción diminúe un 6% e os eu valor, un 4% (**cadro 3.2.8.)**.

Un ano máis, a lonxa do porto de Vigo, con máis de 117 millóns de euros, é a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, mentres que en termos de volume de produción A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con máis de 40 mil toneladas no ano 2012, seguida da lonxa de Vigo, con 33 mil toneladas.

Noa no 2011, último dispoñible, existen en Galicia 2.681 empresas dedicadas á acuicultura cunha ocupación de 6.432 persoas. (**táboa 3.2.10.**)

As bateas, con 2.023 empresas, ocupan ao 76,9% das persoas que traballan nos establecementos de acuicultura mariña de Galicia, revelándose como un sector estratéxico tanto económica como socialmente.

Os parques de cultivo, igual que as bateas, sitúanse en zonas intermareais e marítimas, con reducidas superficies por establecemento e cun número medio de ocupados reducido, de 2,4 e 1,4 ocupados de media, respectivamente. Sen embargo, as granxas mariñas instálanse en terra firme e ocupan grandes superficies, o que conleva grandes requerimentos de ocupación que de media son de 31 ocupados por establecemento.

A ocupación na acuicultura, igual que acontecía na pesca extractiva, é maioritariamente masculina, só un de cada catro empregos está ocupado por unha muller, estando xeo-

Acuicultura: ocupación e facturación segundo estrato

	Empresas	Ocupados		Facturación	
			(ocupados medios)	*(en miles de euros)*	*(euros / ocupado)*
		(1)		(2)	
Total	2.681	6.432	2,40	276.376	46.250
Bateas	2.023	4.947	2,45	159.131	34.505
Parques de cultivo	639	896	1,40	10.531	14.845
Granxas e criadeiros	19	589	31,00	106.714	163.067

(1) datos correspondentes a 2011
(2) datos correspondentes a 2010
Fonte: *Consellería do Medio Rural e do Mar*

3.2.10.

gráficamente localizado o emprego acuícola na provincia de Pontevedra.

No que respecta á facturación, no ano 2010, último dispoñible, esta ascendeu a 276 millóns de euros, dos que o 57,6% corresponde ás bateas, o 38,6% ás granxas/criadeiros e os parques de cultivo achegan no 3,8% da facturación total restante.

A facturación media por ocupado ascende a 46.250 euros, ascendendo a 163 mil euros no caso das granxas/criadeiros.

- **Subsector silvicultura-madeira**

No ano 2012, o número total de propietarios que cortaron madeira ascendeu a 54.200, o que supón un incremento do 15,3% en comparación con anos anteriores.

O volume total de cortas realizadas no ano 2012 no monte galego ascendeu a 7,5 millóns de metros cúbicos, o que representa un lixeiro descenso do 2,6% en relación ao ano 2011. A pesar de que en Galicia se rexistraron no ano 2012 o 50% das cortas a nivel nacional, e que a demanda de madeira certificada é cada vez maior, a superficie certificada en Galicia é moi reducida, acadando só o 8% do total.

No ano 2012 a facturación conxunta da industria da madeira e o moble en Galicia ascendeu a 1.625 millóns de euros, o que supón unha caída do 4,5% respecto ao ano anterior e sitúa ao sector nos niveis do ano 2009.

Segundo datos do Cluster da madeira, dende o ano 2007, a industria de transformación da madeira de Galicia perdeu 794 millóns de euros de facturación e 6.800 empregos. Actualmente o sector está composto por 3.000 empresas, das que o 37% pertence á primeira transformación e o 63%, á segunda transformación. O emprego directo ascende a 20.000 persoas e o indirecto a 50.000 traballadores. O valor das exportación de madeira, pasta e mobiliario de Galicia ascende a 688 millóns de euros.

Segundo datos facilitados polo Cluster da madeira de Galicia, a facturación conxunta en primeira transformación de 2012 acadou os 1.229 millóns de euros, o que supón un descenso do 3,3% respecto a 2011. A demanda dos mercados exteriores permitiu que a actividade se mantivese na primeira transformación con leves descensos.

Por áreas de actividade dentro da primeira transformación, os rematantes reduciron a súa facturación (10,6% menos), acadando os 374 millóns de euros de facturación. No que respecta aos serradoiros, a súa facturación descendeu un 14,6%, acadando os 220 millóns de euros.

A industria do taboleiro e a pasta rexistrou un leve incremento de actividade, que en cifra de negocio foi do 6,6%, a causa da demanda dos mercados exteriores e da forte internacionalización que presenta este segmento de empresas.

En relación ao emprego na primeira transformación de madeira en Galicia, non se rexistraron cambios significativos.

Nos resultados acadados pola industria de segunda transformación, carpintería e mobiliario, obsérvase un descenso na facturación conxunta dun 8% en relación ao ano anterior, situándose en 396 millóns de euros. O 52% desta cantidade corresponde á actividade de carpintería e o 48% restante, á de mobles. Dende o ano 2007 esta industria perdeu o 50% da súa facturación.

No ano 2012, as exportacións do sector da madeira ascenderon a 688,2 millóns de euros, sendo os produtos con maior valor das súas exportacións, a pasta de papel e os taboleiros de fibras, sendo tamén salientable o incremento do valor das exportacións do sector do moble, que pasa dos 90 millóns de euros aos 105,2 millóns no último ano.

Sector industrial

Segundo os datos da *Contabilidade trimestral de Galicia*, o sector industrial, no seu conxunto, tivo un comportamento negativo ao longo do ano 2012, acadando unha taxa de variación interanual do VEB do –1,3%. Cómpre salientar que nos dous primeiros trimestres do ano *[**cadro 1.2.1.** PIB 2011-12: distribución segundo as súas compoñentes]*, o VEB da industria transformadora presenta taxas de variación negativas, acadando no terceiro trimestre unha variación positiva do 4% para retomar de novo taxas de variación negativas (–0,1%) no cuarto trimestre.

En termos monetarios, a *Contabilidade rexional de España* (fonte INE) reflicte que a produción do sector industrial galego, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), mantén no ano 2012 no 6,1% a súa importancia relativa no total estatal.

O VEB industrial galego situouse nos 10.006 millóns de euros, o que segue a situar a Galicia como a sétima comunidade con maior peso, por detrás de Cataluña (23,4%), Madrid (11,1%), País Vasco (9,8%), a Comunidade Valenciana (9,7%), Andalucía (9,5%) e Castela e León (6,4%).

A importancia relativa da actividade industrial no VEB total a prezos de mercado da economía galega é do 17,7% en 2012, 2,2 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado.

O índice de produción industrial é un indicador de carácter coxuntural que mide a evolución experimentada polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial na Comunidade Autónoma de Galicia; este índice ao longo de 2012 redúcese de novo en relación ao ano anterior, cunha variación negativa do 2,7%, redución inferior á experimentada no conxunto do Estado (–5,9% de media).

Todos os ámbitos económicos considerados dentro do índice de produción industrial, agás o enerxético, presentan, **cadro 3.2.11.**, variacións negativas. O maior descenso corresponde neste caso aos bens de equipo, un 11,7%, cunha repercusión no crecemento acumulado interanual do índice xeral de –2,5 puntos porcentuais.


O índice de produción industrial dos produtos enerxéticos se incrementa un 10%, acadando un índice de 97,5 (base 2005=100), variación moi superior á reflectida polo sector no conxunto do Estado (0,9%).

Índice de produción industrial de Galicia e España 2011-12 (1)

	Galicia			España		
	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)
Índice xeral	83,92	81,63	-2,7	81,87	77,03	-5,9
Bens de consumo	88,06	85,48	-2,9	90,32	86,15	-4,6
consumo duradeiro	60,08	53,36	-11,2	55,33	49,13	-11,2
consumo non duradeiro	91,15	89,04	-2,3	96,68	92,90	-3,9
Bens de equipamento	79,32	70,08	-11,7	77,60	69,28	-10,7
Bens intermedios	80,56	76,19	-5,4	73,73	68,43	-7,2
Enerxía	88,63	97,48	10,0	93,48	94,31	0,9

(1) base 2005 CNAE09; medias anuais
Fonte: *INE*

Índice de produción industrial en Galicia e España 2008-12



(1) taxas de variación interanuais
Fonte: *INE*

■ 3.2.11.

Por ramas de actividade, no ano 2012, as que presentan unha repercusión máis positiva son as de "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado", que achega 1,9 puntos á taxa interanual acumulada do índice xeral debido a un crecemento do 11,9%, e a "Fabricación de maquinaria e equipamento", que achega catro décimas á taxa acumulada logo de aumentar un 10,2%.

A repercusión máis negativa recae nas ramas de "Fabricación de vehículos de motor", que diminúe un 12,8% e minora 1,1 puntos a variación interanual acumulada do índice xeral; a "Fabricación de produtos metálicos", que resta 1,0 puntos debido ao descenso do 12,4%; e "Fabricación doutro material de transporte" e "Artes gráficas", que, ao diminuír un 22,6% a primeira e un 62,1% a segunda, restan 1,0 punto e nove décimas, respectivamente, á variación acumulada do índice.

O 31 de decembro de 2012, o sector industrial en Galicia tiña 7.558 afiliados á Seguridade Social menos que na mesma data do ano anterior. A perda de ocupación foi case xeneralizada en todas as ramas de actividade industrial, destacando negativamente nesta perda de afiliacións as ramas

Indicador de confianza empresarial 2010-11 (1): distribución segundo sector económico

trimestres	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
I					
II					
III					
IV					

trimestres	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
I					
II					
III					
IV					

(1) o indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios

Fonte: *IGE*

■ 3.2.12.

Indicador de confianza empresarial 2010-11:distribución segundo actividade principal da empresa

Incremento da actividade

(% sobre o total de empresas)

	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2010					
I					
II					
III					
IV					
2011					
I					
II					
III					
IV					

Estabilidade da actividade

(% sobre o total de empresas)

	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2010					
I					
II					
III					
IV					
2011					
I					
II					
III					
IV					

Diminución da actividade

(% sobre o total de empresas)

	Total	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2010					
I					
II					
III					
IV					
2011					
I					
II					
III					
IV					

Fonte: *IGE*

■ 3.2.13.

Vendas de produtos industrais 2011: distribución segundo CNAE-09

	Valor	% / total	% / total España
	(en miles de euros)		
Alimentación, bebidas e tabaco	5.888.181	22,2	20,6
Textil e confección	1.096.563	4,1	1,9
Coiro e calzado	119.756	0,5	0,7
Madeira e corcho	711.066	2,7	1,1
Papel, artes gráfica e reproducción de soportes gravados	549.408	2,1	4,2
Coquerías, refino químicas e productos farmacéuticos	3.112.606	11,7	19,1
Manufacturas de caucho e plástico	585.615	2,2	3,9
Productos minerais non metálicos	716.840	2,7	3,6
Produción, 1º transformación e fundición de metais	2.301.362	8,7	7,5
Productos metálicos	1.211.912	4,6	6,5
Productos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	540.543	2,0	3,7
Maquinaria e equipo	619.369	2,3	3,8
Material de transporte	6.252.674	23,6	13,6
Mobles e outras industrias manufactureiras	286.299	1,1	1,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	756.730	2,9	2,5
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.799.895	6,8	5,6

Fonte: *INE*

3.2.14.

de fabricación de produtos metálicos (1.594 afiliacións menos), salvo maquinaria e equipamento, as de fabricación de produtos minerais non metálicos (1.340 menos) e de fabricación doutro material de transporte (690 menos), entre outras.

Un cuarto indicador da situación do sector industrial, xunto á produción, ao emprego e ao IPI, é o índice galego de confianza empresarial. Este índice pode variar do –100 ao 100, sendo o valor 0 o punto neutral. Podemos ver, tal e como reflicte o **cadro 3.2.12.**, un indicador de confianza empresarial no sector industrial con valores negativos nos catro trimestres do ano 2011, sendo máis significativos os índices do terceiro e cuarto trimestres do ano, cunhas cifras negativas de 34 e 33,5, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar que no cuarto trimestre do ano 2011 o 47,5% das empresas do sector industrial consideraban que a súa actividade ía permanecer constante, o 40,3% consideraban que a súa actividade ía diminuír e só o 12,3% tiñan confianza nun incremento da súa actividade (**cadro 3.2.13.**).

A cifra de vendas da produción industrial galega acadou no ano 2011 (último dispoñible) os 26,5 mil millóns de euros, o 6,9% do total estatal. Polo valor das súas vendas, destacan o material de transporte, con 6,2 miles de millóns de euros (12% do total estatal); alimentación, bebidas e tabaco, con 5,9 miles de millóns de euros (7,5% do total estatal); coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos, con 3,1 miles de millóns de euros (4,2% do total estatal) e, entre outros, a produción, primeira transformación e fundición de metais, con 2,3 mil millóns de euros (8% do total estatal).

Polo seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal, destaca a madeira e a cortiza, que representan máis do 17% das vendas do conxunto do Estado, seguidas das xa citadas vendas de material de transporte que supoñen o 12% das vendas totais estatais.

- **Subsector enerxético**

No que respecta ao subsector enerxético, no ano 2012 a produción dispoñible de enerxía eléctrica foi un 15,1% superior á

Produción de enerxía eléctrica en Galicia e España 2011-12 (1)

Produción bruta en centrais de 1000 kW ou máis

(en MWh)

	Total	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
2011					
Galicia	26.276.127	6.092.198	7.195.040	15.130	12.973.759
España	277.441.770	30.666.358	41.217.324	9.070.709	196.487.379
2012					
Galicia	29.343.862	4.289.986	8.105.237	16.803	16.931.836
España	288.894.008	21.882.352	47.593.906	11.373.522	208.044.228

Produción dispoñible en centrais de 1000 kW ou máis

(en MWh)

	Total	Bombeo	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
2011						
Galicia	25.503.306	145.264	5.859.516	7.088.986	14.981	12.394.559
España	267.025.956	3.195.155	27.108.893	40.551.511	8.980.692	187.189.705
2012						
Galicia	29.343.862	317.175	3.908.495	8.003.615	16.637	16.142.904
España	288.894.008	4.314.988	17.262.762	46.902.668	11.260.642	198.142.242

(1) datos provisionais

Fonte: *Ministerio de Industria, Energía y Turismo*

3.2.15.

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2011-12

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
2011				
Galicia	3.083.847	290.531	2.141.781	651.535
A Coruña	1.162.769	112.765	806.604	243.400
Lugo	720.834	34.037	358.658	328.139
Ourense	348.248	36.907	269.484	41.857
Pontevedra	851.996	106.822	707.035	38.139
España	37.638.985	5.292.568	29.503.035	2.843.381
Galicia/España *(%)*	8,2	5,5	7,3	22,9
2012				
Galicia	2.927.146	267.187	2.088.501	571.458
A Coruña	1.121.754	104.727	789.973	227.054
Lugo	672.393	31.312	352.129	288.952
Ourense	344.800	33.539	278.492	32.770
Pontevedra	788.198	97.608	667.907	22.683
España	35.057.193	4.916.298	27.620.157	2.520.737
Galicia/España *(%)*	8,3	5,4	7,6	22,7

Fonte: *Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos*

3.2.16.

do ano anterior (8,2% de incremento de media no conxunto do Estado), para situarse nos 29.344 gigavatios-hora.

Tal como se reflicte no **cadro 3.2.15.**, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2012 prodúcese un incremento na produción dispoñible de enerxía por todos os métodos de produción, agás na hidroeléctrica.

O total de enerxía eléctrica dispoñible en centrais de 1.000KW ou máis en Galicia, representa o 10,1% do total estatal, en concreto, a produción dispoñible de enerxía hidroeléctrica en Galicia representa o 22,6% do total estatal. Esta produción diminuíu no ano 2012 máis dun 33,3% en relación ao ano 2011, fronte unha redución en torno ao 36% de media no Estado.

A produción de enerxía eólica é a segunda en importancia por detrás da produción de enerxía termoeléctrica. A enerxía eólica aumentou a súa produción en Galicia un 12,9%, fronte ao aumento do 15,7% no conxunto do Estado.

Finalmente, a produción de enerxía termoeléctrica, tras un incremento no último ano do 30,2% en Galicia, acada os 16.143 gigavatios-hora. A enerxía termoeléctrica supón en torno ao 55% da produción total de enerxía dispoñible en Galicia no ano 2012.

A menor actividade económica reflíctese tamén nunha menor demanda de produtos petrolíferos, que no conxunto do Estado diminuíu un 6,9% respecto á rexistrada no ano 2011, e en Galicia esta diminución foi do 5,1%, acadando as 2.927 miles de toneladas métricas (o 8,3% do total estatal). O **cadro 3.2.16.** reflicte un descenso no consumo tanto de gasolinas (8% menos) como dos gasóleos (2,5% menos) e fuel óleos (12,3% menos).

Durante o 2012 e igual que aconteceu en anos anteriores, os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 71,3% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 19,5% e do 9,1%, respectivamente.

- **Industria da automoción**


Os efectos da crise internacional comezan a afectar ao sector da automoción en Galicia xa a partir da segunda metade do ano 2008, así, tras os picos de produción e emprego do ano 2007, no ano 2008 e, en especial no ano 2009, rexístranse fortes caídas da facturación e emprego do sector. Esta tendencia parece suavizarse no ano 2010, pero retoma o descenso no ano 2011 e continúa no ano 2012, onde se rexistran os peores datos da serie, tanto de facturación como de emprego.

A pesar dos graves efectos que a crise ten no sector, a industria galega da automoción segue sendo un motor esencial da economía da nosa comunidade, aportando en torno ao 11% do PIB galego e o 23% das exportacións totais galegas.

Segundo os datos facilitados pola Fundación Clúster de empresas de automoción de Galicia (CEAGA), o ano 2012 pechou cunha redución na facturación do 12,8% e un descenso do 4,1% dos postos de traballo no sector. As empresas que compoñen o clúster de automoción xeraron, en 2012, 18.500 empregos directos, o que supón o 11,3% do emprego industrial galego (11% no ano anterior). O descenso do emprego industrial en Galicia no último ano foi do 6,7%, maior que o descenso sufrido pola industria da automoción.

A facturación do sector acadou un total de 6.100 millóns de euros, dos que o 64% (3.900 millóns de euros) procede de exportacións.

Facturación (1) e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2005-12



(1) en millóns de euros
Fonte: *Clúster da Automoción de Galicia*

3.2.17.

Construción naval en Galicia e España 2011-12

2011

	Novos contratos				Carteira de pedimentos (1)			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	nº e arqueo (2)							
Asteleiros galegos	3	2.634	3	2.634	9	36.354	10	37.342
A. Armón Vigo					1	4.100	2	5.088
F. Cardama	3	2.634	3	2.634	5	4.254	5	4.254
C. N. Freire					1	6.000	1	6.000
F. Vulcano								
F.N. Marín								
H. J. Barreras								
Metalships & Docks					2	22.000	2	22.000
Total sector	6	6.907	7	7.341	34	136.251	39	139.564

2012

	Novos contratos				Carteira de pedimentos (1)			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	nº e arqueo (2)							
Asteleiros galegos	6	23.746	6	23.746	13	45.000	13	45.000
A. Armón Vigo	5	12.746	5	12.746	5	12.746	5	12.746
F. Cardama					5	4.254	5	4.254
C. N. Freire					1	6.000	1	6.000
F. Vulcano								
F.N. Marín								
H. J. Barreras								
Metalships & Docks	1	11.000	1	11.000	2	22.000	2	22.000
Total sector	36	69.606	39	75.580	54	158.661	57	164.635

(1) a 31 de decembro de cada ano
(2) en toneladas brutas, equivalente a 1016,041kg
Fonte: *Gerencia del Sector Naval*

3.2.18.

No conxunto do Estado, a produción de vehículos en Galicia supón o 15,2% da produción estatal, cifra que converte á comunidade de Galicia na segunda con maior peso produtivo.

A produción total de vehículos automóbiles en Galicia experimentou en 2011 un descenso do 10% respecto ao ano anterior. O número total de vehículos situouse nos 356.000 (40.700 vehículos menos que no ano precedente) dos que o 87% destínanse á exportación; os vehículos producidos na planta de Vigo distribúense por 71 países, sendo a UE-27 onde o centro ten o seu principal mercado, en concreto Francia, Gran Bretaña, Alemaña, Italia, Bélxica, Holanda e Luxemburgo son os destinos máis destacados.

A crise económica segue afectando profundamente á venda e matriculación de vehículos no conxunto do Estado e en Galicia continúa o descenso no número de matriculacións de automóbiles, cunha caída do 14,7%. En 2012 matriculáronse en Galicia, segundo datos da Axencia Tributaria, un total de 28.011 automóbiles turismos e todoterreos, o 4,4% do total estatal, sendo Galicia a quinta Comunidade Autónoma con máis matriculacións, tras Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

- **Industria naval**

O sector da construción naval galega, despois de ser líder do sector en España, un ano máis se sitúa no terceiro posto en canto a contratos e carteira de pedimentos, por detrás do Pais Vasco e Asturias. O País Vasco acolle o 36% da carteira de pedimentos, Asturias o 29% e Galicia o 27% do total.

Os novos contratos acadados polo sector no ano 2012 no conxunto do Estado foron 39, cun total de 75.580 GT (tonelaxe bruto). Segundo os datos facilitados por Gernaval, os estaleiros galegos pecharon 6 contratos no ano 2012, o dobre que no ano anterior. No que respecta á carteira de pedimentos, a situación é tamén máis favorable, en canto existen 13 pedidos, fronte aos 10 do ano anterior, sendo así mesmo máis grandes os buques, cun tonelaxe bruto de 45.000 GT (37.342 GT do ano anterior.)

O Pais Vasco e Asturias son as Comunidades con maior actividade no ámbito da construción naval. O Pais Vasco, con menor número de buques contratados e pedidos que Asturias, constrúe buques de maior tonelaxe, derivándose cara a Asturias un maior número de buques de un tonelaxe menor.


En Galicia no ano 2012, os novos contratos asínanse nos estaleiros de Armón Vigo, con 5 contratos novos, e en Metalships, cun novo contrato. Os novos contratos de Armón Vigo son con Holanda e México e o de Metalships, cos Estados Unidos.

Na carteira de pedimentos dos estaleiros galegos, salientan os cinco buques de Factorías Cardama, asinados catro co goberno angoleño e un co danés. Destaca así mesmo o pedido dun buque á C.N Freire por parte do Reino Unido cun arqueo de 6.000 GT.

Construción

A evolución do sector da construción en Galicia é fundamental para explicar as taxas de crecemento acadadas antes da crise, así como os efectos da mesma, a nivel de actividade económica e de emprego. Neste , dende principios de século, o sector da construción mostra elevadas taxas de crecemento do seu valor engadido, acadando taxas en torno ao 10% e superiores nos anos 2004 e 2005. A ruptura da burbulla inmobiliaria

Evolución do VEB e do emprego no sector da construcción 2000-2012 (1)



(1) VEB pm, base 2008, prezos reais; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 07-03-2013)
Fonte: *IGE*

3.2.19.

fai caer ao sector nunha profunda crise, con taxas de variación negativas do seu VEB de case o 13% no ano 2009. Estas taxas, aínda que suavizadas, continúan sendo negativas nos anos posteriores, acadando unha redución do valor engadido polo sector en Galicia no ano 2012 do 5,8% en relación ao anterior.

No que respecta ao emprego do sector, a contración é moi importante, acadándose as maiores taxas de redución da ocupación no ano 2012, cun 15,8% menos de emprego que no ano precedente.

As taxas de crecemento na actividade da construción foron negativas ao longo de todo o ano 2012 *[**cadro 1.2.1.** PIB 2011-12: distribución segundo as súas compoñentes]*. Continuando coa tendencia do ano anterior, nos catro trimestres do ano 2012, o VEB xerado neste sector segue a contraerse significativamente, con taxas de variación interanuais negativas, con maior intensidade que as referidas aos trimestres do ano anterior. Así, as taxas de variación varían desde o –3,6% do primeiro trimestre ata niveis de variación negativa do 4,1% e 4,7% do segundo e terceiro, chegando ao –4% de variación no último trimestre do ano.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 6,3% do VEB total xerado por este sector en España, unha décima máis que no ano anterior. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no VEB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (10,7% en Galicia e 9,1% de media en España, datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional INE).

Tal como se sinala anteriormente, a crise no sector da construción ten un reflexo directo no volume de ocupación, que experimenta unha caída do 15,8% (16.329 persoas menos que no ano precedente, dato INE/IGE Contabilidade trimestral). O sector acolle o 7,6% dos galegos ocupados segundo a EPA (8,4% o ano anterior), crecendo de novo lixeiramente o número de ocupados galegos no sector da construción en relación co total de España ata situarse no 6,9% (6,5% no ano anterior).

No ano 2012, cae de novo o valor da licitación pública de todas as administracións en Galicia, sendo un 7,6% inferior á licitación publica en Galicia no ano 2011, situándose nos 1.438 millóns de euros (o 19,3% da licitación no conxunto do Esta-

Licitación pública en Galicia e España 2011-12: distribución segundo tipo de obra

2011

	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
				(en millóns de euros)				(%)
Total	1.555,8	202,1	137,9	790,4	285,6	139,9	13.659,2	11,4
Edificación	202,9	70,2	35,2	13,6	83,9		4.258,3	4,8
Vivenda	1,0	-	0,1	-	0,9		435,7	0,2
Equip. Social	127,1	48,9	32,0	8,4	37,9		2.656,3	4,8
Resto edificación	74,9	21,4	3,1	5,2	45,2		1.166,3	6,4
Obra Civil	1.352,9	131,8	102,8	776,8	201,7	139,9	9.400,9	14,4
Transportes	993,7	60,1	73,3	762,3	98,0		5.990,2	16,6
Urbanizacións	114,6	32,7	23,5	8,9	49,4		1.786,5	6,4
Hidráulicas	96,5	35,7	4,6	3,8	52,4		1.430,4	6,7
Medio Ambiente	8,3	3,3	1,3	1,7	1,9		193,9	4,3

2012

	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
				(en millóns de euros)				(%)
Total	1.438,0	188,4	39,5	1.025,4	161,8	23,0	7.442,4	19,3
Edificación	101,1	40,0	13,1	17,0	30,9	-	2.195,0	4,6
Vivenda	0,6	0,6	-	-	0,0	-	234,1	0,3
Equip. Social	75,2	20,1	11,7	16,5	26,9	-	1.499,7	5,0
Resto edificación	25,2	19,3	1,4	0,5	4,0	-	461,3	5,5
Obra Civil	1.336,95	148,4	26,4	1.008,3	130,9	23,0	5.247,4	25,5
Transportes	1.133,7	89,1	7,1	928,3	108,9	0,3	3.052,5	37,1
Urbanizacións	62,0	29,8	5,2	13,7	13,4	-	989,0	6,3
Hidráulicas	138,3	28,6	13,0	65,9	8,0	22,7	1.101,6	12,6
Medio Ambiente	2,9	0,8	1,1	0,4	0,6	-	104,4	2,8

Fonte: *Seopan*

3.2.20.

Licitación pública en Galicia e España (1) 2011-12: distribución segundo administracións

	2011		2012		12/11	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
		(en millóns de euros)			(%)	
Administración Xeral do Estado	1.088	6.479	1.253	2.718	15,17	-58,06
Mº Fomento	1.025	5.054	1.120	1.974	9,29	-60,95
Mº Agr., Alim e Medio Ambiente	47	736	120	534	152,37	-27,48
Resto Admón. Xeral	16	689	13	210	-15,80	-69,54
Administración Autonómica	265	3.564	90	2.198	-66,01	-38,32
Administración Local	203	3.616	95	2.526	-53,26	-30,13
Concellos	115	2.538	71	1.470	-37,69	-42,07
Outras Administracións	89	1.078	24	1.056	-73,40	-2,00

Fonte: *Seopan*

3.2.21.

Licitación pública 2011-12: distribución segundo administración e tipo de obra

2011

	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
			(en millóns de euros)			
Total	1.088,70	264,51	203,21	202,93	1.352,87	1.555,80
A Coruña	29,40	89,73	82,90	70,22	131,83	202,05
Lugo	37,50	53,68	46,76	35,18	102,75	137,94
Ourense	744,99	31,87	13,48	13,61	776,75	790,60
Pontevedra	138,61	86,90	60,06	83,91	201,67	285,88
Sen rexionalizar	137,54	2,31	-	-	139,86	139,86

2012

	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
			(en millóns de euros)			
Total	1.253,11	90,00	95,00	101,05	1.336,94	1.437,99
A Coruña	104,04	36,43	47,88	39,99	148,36	188,35
Lugo	18,72	13,86	6,91	13,13	26,36	39,49
Ourense	992,65	18,02	14,70	17,04	1.008,33	1.025,37
Pontevedra	114,69	21,61	25,48	30,89	130,89	161,78
Sen rexionalizar	23,01	0,08	0,03		23,00	23,00

Fonte: *Seopan*

3.2.22.

do). A caída da licitación en Galicia é importante, aínda que inferior á rexistrada no conxunto do Estado, que no ano 2012 foi un 45,5% inferior á licitación pública do ano 2011. A licitación pública en obra civil acadou os 1.337 millóns de euros, mentres que a licitación pública en edificación sitúase nos 101,1 millóns de euros.

A licitación da Administración Xeral do Estado en Galicia no ano 2012 foi a única que se incrementou en relación ao ano anterior, neste caso un 15,2%, fronte ao descenso de máis do 58% da licitación da AXE no conxunto do Estado. En Galicia o Ministerio de Fomento incrementa nun 9,3% a súa licitación, o que supón 95 millóns de euros máis que no ano precedente. Fronte a este incremento, a licitación pública da Administración Autonómica e Local descende nun 66% e nun 53,3%, respectivamente.

A contía do licitado pola Administración autonómica en 2012 foi de 90 millóns de euros, 175 millóns de euros menos que no ano precedente, así mesmo por debaixo da licitación dos Ministerios de Fomento ou de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

De xeito similar á licitación autonómica se comportou a contía da licitación da Administración local, que se situou no 2012 nos 95 millóns de euros, experimentando unha diminución do 53,3%.
Resulta destacable que, comparando co total estatal, Galicia acolle o 46% da licitación pública da Administración central, fronte ao 4,1% da licitación autonómica e o 3,8% das administracións locais.

Tal como sucedera no ano 2011, no ano 2012 Ourense se sitúa novamente como a provincia con maior volume de licitación, con 1.025,4 millóns de euros (o 71,3% da licitación en Galicia), sendo tamén a única das catro provincias galegas que incrementan o montante de licitación pública en relación ao ano anterior.

A segunda provincia en importancia en canto a licitación pública é A Coruña, con 188,3 millóns de euros; Pontevedra, con 161,8 millóns; e Lugo, con 39,5 millóns. Comparado coa licitación do ano anterior, o **cadro 3.2.20.** indica que o volume total de licitación descende en todas as provincias galegas agás en Ourense, que experimenta un crecemento de máis do 29,7%. O incremento de cerca de 235 millóns de euros de licitación pública na provincia de Ourense non compensa o descenso de 124 millóns que experimenta a provincia de Pontevedra, de 98,4 millóns na provincia de Lugo e de 13,7 millóns na provincia de A Coruña.

En canto á desagregación segundo obra, a licitación en obra civil redúcese levemente en Galicia (1.336,9 millóns de euros, 16 menos que no ano anterior), consecuencia do incremento de máis de 230 millóns de euros na provincia de Ourense, fronte ao descenso de máis de 100 millóns de euros da licitación para edificación.

- **Datos de vivenda**

No ano 2012 continúa o proceso de axuste no mercado da vivenda en Galicia, así descende nun 38,5% o total de vivendas rematadas e nun do 11% a compravenda de vivendas.

O número de vivendas iniciadas en 2011 cae nun 37,5% respecto ao rexistrado no ano anterior, sendo este descenso máis acusado en Galicia que no conxunto do Estado onde o número de vivendas iniciadas no ano 2011 foi un 29,7% inferior ao ano anterior. No último ano iniciáronse en Galicia un total de 4.395 vivendas (o 5,1% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado), das que 3.453 corresponden a vivendas libres (o 6,6% do total estatal) e 942 a vivendas protexidas (o 2,7% das vivendas protexidas iniciadas en España). Como se reflicte no **cadro 3.2.23.**, Galicia presenta un descenso moi importante das vivendas iniciadas protexidas co 68,2% menos que no ano anterior, así como das vivendas iniciadas libres co 15,2% menos que no ano anterior; a nivel estatal diminúen o conxunto de vivendas iniciadas, tanto libres como protexidas, un 17,6% e un 42,2% respectivamente.

No caso das vivendas rematadas, finalizáronse en Galicia no ano 2012 un total de 6.103 vivendas, o 4,6% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 5.443 (o 6,8% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 660 (o 1,2% do total estatal). En relación ao ano anterior, pódese observar como se experimenta unha caída no número de vivendas rematadas libres (-33,6%), e un descenso no número de vivendas rematadas protexidas (-61,6%). No conxunto do Estado, o descenso prodúcese tanto nas vivendas libres rematadas que se reducen un 33,8%, así como no número de vivendas rematadas protexidas un 9,2%, descenso este último moi inferior ao experimentado polas vivendas protexidas en Galicia

O número de edificios de nova planta a construir en Galicia no ano 2011 foi de 2.073 (1.654 edificios residenciais), cunha superficie a construir de 1.158 miles de metros cadrados (en edificación residencial, 794 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construir reduciuse un 26,3%, ata acadar as 3.547.

Por outra banda, o número de licencias municipais para rehabilitación de vivendas diminúe ata as 1.285, un 12,6% menos que no ano 2010, sendo o número de licencias para demolición de edificios 181, un 14,2% menos que no ano anterior. No ano 2011, o número total de vivendas creadas en rehabilitación foi de 427 e o de vivendas a demoler, de 256.

Construción de vivendas en Galicia e España 2011-12

Vivendas iniciadas

	Vivendas libres			Vivendas protexidas			Total viv. iniciadas		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
			(%)			(%)			(%)
Galicia	3.453	-	-100,0	942	438	-53,5	4.395	438	-90,0
A Coruña	1.661		-100,0	469	98	-79,1	2.130	98	-95,4
Lugo	298		-100,0	259	219	-15,4	557	219	-60,7
Ourense	439		-100,0	121	27	-77,7	560	27	-95,2
Pontevedra	1.055		-100,0	93	94	1,1	1.148	94	-91,8
España	51.956		-100,0	35.001	34.296	-2,0	86.957	34.296	-60,6
Galicia/España (%)	6,6	#¡DIV/0!		2,7	1,3		5,1	1,3	

Vivendas rematadas

	Vivendas libres			Vivendas protexidas			Total viv. rematadas		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
			(%)			(%)			(%)
Galicia	8.202	5.443	-33,6	1.717	660	-61,6	9.919	6.103	-38,5
A Coruña	3.754	2.921	-22,2	836	286	-65,8	4.590	3.207	-30,1
Lugo	1.294	528	-59,2	96	189	96,9	1.390	717	-48,4
Ourense	719	373	-48,1	111	25	-77,5	830	398	-52,0
Pontevedra	2.435	1.621	-33,4	674	160	-76,3	3.109	1.781	-42,7
España	121.043	80.083	-33,8	58.308	52.919	-9,2	179.351	133.002	-25,8
Galicia/España (%)	6,8	6,8		2,9	1,2		5,5	4,6	

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.23.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2010-11: datos xerais

	Galicia		España	
	2010	2011	2010	2011
Edificación de nova planta				
Edificios a construír				
Residencial				
Non residencial				
		(en miles m²)		
Superficie a construír				
Residencial				
Non residencial				
Vivendas a construír				
Obras de rehabilitación				
Vivendas a demoler				
Total vivendas	#¡REF!	#¡REF!	#¡REF!	#¡REF!

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.24.

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2011-12: distribución segundo tipo de obra

	Galicia			España		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
			(%)			(%)
Total edificios	1.853	1.503	-18,9	28.623	20.758	-27,5
Uso residencial	1.608	1.304	-18,9	23.116	16.242	-29,7
Servizos comerciais	53	43	-18,9	1.772	1.625	-8,3
Uso industrial	37	27	-27,0	462	346	-25,1
Outros	155	129	-16,8	3.273	2.545	-22,2
			(en m^2)			
Superficie a construír	1.018.688	843.026	-17,2	15.812.530	9.836.359	-37,8
Uso residencial	812.229	515.137	-36,6	14.206.776	8.572.500	-39,7
Servizos comerciais	39.938	152.772	282,5	1.605.754	1.263.859	-21,3
Uso industrial	50.341	32.197	-36,0	673.743	479.892	-28,8
Outros	116.180	142.920	23,0	3.471.791	2.208.513	-36,4
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	395.231	309.666	-21,6	8.719.947	5.418.348	-37,9
Uso residencial	318.765	212.635	-33,3	6.416.189	3.934.424	-38,7
Servizos comerciais	8.994	35.051	289,7	514.190	431.193	-16,1
Uso industrial	13.394	9.534	-28,8	201.510	145.286	-27,9
Outros	54.078	52.446	-3,0	1.588.058	907.445	-42,9
Obras de ampliación						
Total edificios	203	173	-14,8	3.777	3.263	-13,6
Vivendas	150	112	-25,3	2.833	2.423	-14,5
Outros	53	61	15,1	944	840	-11,0
			(en m^2)			
Superficie a construír	48.596	45.779	-5,8	1.119.176	1.031.747	-7,8
Vivendas	29.547	23.442	-20,7	416.099	348.708	-16,2
Outros	19.049	22.337	17,3	703.077	683.039	-2,9
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	18.238,2	13.746,6	-24,6	441.360,4	359.285,2	-18,6
Vivendas	12.542,8	8.649,6	-31,0	196.458,3	150.566,7	-23,4
Outros	5.695,4	5.097,0	-10,5	244.902,1	208.718,5	-14,8
Obras de reforma e/ou restauración						
			(en m^2)			
Total edificios	1.506	1.397	-7,2	34.498	27.672	-19,8
Vivendas	1.182	1.133	-4,1	28.610	22.934	-19,8
Outros	324	264	-18,5	5.888	4.738	-19,5
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	107.248,2	121.287,3	13,1	2.159.937,6	1.598.580,8	-26,0
Vivendas	69.649,9	85.828,9	23,2	1.165.230,3	935.757,6	-19,7
Outros	37.598,3	35.458,4	-5,7	994.707,3	662.823,2	-33,4

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.25.

O descenso na actividade no sector da construción obsérvase claramente tamén na forte redución nos visados de dirección de obra nova, que no ano 2012 descenden novamente ata acadar os 1.503 edificios visados (un 18,9% menos que no ano anterior), dos que 1.304 corresponderon a edificios para uso residencial. A superficie total a construír reduciuse un 17,2% respecto a 2011, acadando os 843 miles de metros cadrados, dos que 515 mil corresponden a vivendas. O orzamento de execución caeu un 21,6% en relación ao ano anterior, acadando os 309,7 millóns de euros, dos que 212 millóns (33,3% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2011-12

	Galicia		España	
	2011	2012	2011	2012
Certificados de fin de obra	2.225	1.281	55.636	45.481
Edificios	2.514	1.520	65.123	52.791
Promotor privado	2.471	1.504	62.423	50.780
Persoas físicas e Cominidades de propietarios	1.685	1.004	39.873	34.121
Sociedades mercantís	737	472	19.841	14.248
Cooperativas	20	-	622	722
Outros	29	28	2.087	1.689
Administracións públicas	43	16	2.700	2.011
Vivendas	8.876	4.391	167.914	119.980
Promotor privado	8.706	4.372	165.050	117.564
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	2.050	1.089	37.432	31.542
Valor de liquidación da execución material das obras *(en millóns de euros)*	768,4	430,4	17.955,3	14.611,9

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.26.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un total de 43. visados de dirección de obra nova no caso de servizos comerciais e almacéns. A pesar de ser 10 menos que no ano anterior, a superficie total a construír incrementouse notablemente ata os 153 mil metros cadrados e o presuposto de execución acadou os 35 millóns de euros fronte aos 9 do ano anterior.

Tal como acontece nos casos do uso residencial e dos servizos comerciais, os visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial, en 2012 redúcense, concedéndose un total de 27 visados de dirección de obra (10 menos que no ano anterior), diminuíndo tamén significativamente, tanto a superficie a construír como o orzamento de execución. No último ano a superficie a construír foi de 32,2 mil metros cadrados (un 36% menos que no ano precedente) e o orzamento de execución caeu ata os 9,5 millóns de euros (un 28,8% menos que no ano anterior).

No que respecta ás obras de ampliación, o número de visados descendeu ata os 173 (30 menos que en 2011), dos que 112 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír situouse en 45.779 metros cadrados, un 5,8% inferior á do ano anterior, e o orzamento de execución en 13,7 millóns de euros, un 24,6% por baixo do presupostado no exercicio anterior.

Finalmente, no concernente aos visados de obras de reformas e/ou restauración, o seu número tamén descendeu en relación ao do ano anterior, con 1.397 visados concedidos (109 menos que en 2011), aumentando sen embargo o seu orzamento de execución ata os 121,3 millóns de euros (un 13,1% máis que no ano anterior).

De xeito paralelo á redución no número de visados de obras, o número total de certificacións de fin de obra, isto é declaradas finalizadas e con conformidade, en Galicia reduciuse moi significativamente, situándose no último ano nas 1.281, 944 menos que no ano 2011, o que representa o 2,8% das certificacións no conxunto do Estado (4% no ano anterior). Tendo en conta que os datos sobre número de certificados de fin de obra recollen, exclusivamente, traballos de certificación en obra nova,

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2011-12 (1)

	Hipotecas constituidas			Importe medio		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
				(en miles de euros)		
Galicia	34.339	21.618	-37,0	102,814	89,162	-13,3
A Coruña	14.642	9.758	-33,4	113,744	86,869	-23,6
Lugo	4.070	2.528	-37,9	93,337	74,808	-19,9
Ourense	2.345	1.861	-20,6	87,968	87,142	-0,9
Pontevedra	13.282	7.471	-43,8	96,291	97,518	1,3
España	619.966	433.117	-30,1	117,513	109,965	-6,4
Galicia / España *(%)*	5,5	5,0		87,5	81,1	

(1) datos 2012 son provisionais
Fonte: *INE*

3.2.27.

ampliación e reforma e/ou restauración de edificios, ao longo do ano 2012 o número de edificios a construír cae un 39,5% e o de vivendas faino nun 50,5%. O **cadro 3.2.23.** indica que o número total de edificios rematados foi de 1.520, dos que 1.504 corresponden a promotores privados e 16 a administracións públicas. O número de vivendas rematadas acadou as 4.391, das que 4.372 corresponden a promotores privados.

Dentro dos indicadores de demanda no ámbito da vivenda, destaca, o relacionado co número de hipotecas constituídas. Neste senso, no conxunto do Estado constituíronse un 20,1% menos de hipotecas sobre fincas urbanas en relación ao ano 2011, sendo esta redución na comunidade autónoma galega do 37%, constituíndose un total de 21.618 hipotecas urbanas, o 5% do total estatal. Os datos reflectidos no **cadro 3.2.27.** amosan que as catro provincias galegas presentan reducións do número de hipotecas superiores ao 20% respecto do ano anterior, salientando a provincia de Pontevedra cun 43,8% menos de hipotecas constituídas de vivendas urbanas que no ano anterior

Xunto ao descenso no número de hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, descende tamén o importe medio das mesmas, no último ano este importe medio acada en Galicia os 89.162 euros, o que supuxo un descenso do 13,3% en relación ao ano anterior, situándose no nivel máis baixo dende o ano 2003.

A redución no importe medio das hipotecas urbanas constituídas no ano 2012 tamén se reflexa no conxunto do Estado, onde este importe se reduce un 6,4% acadando de media os 110 mil euros. Os datos facilitados polo INE reflicten que o único incremento no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de Pontevedra, cun 1,3% máis, fronte aos descensos nas provincias de A Coruña (23,6% menos), Lugo (19,9% menos) e Ourense (0,9% menos). O importe medio máis baixo de Galicia corresponde á provincia de Lugo (74.808 euros) e o máis elevado á provincia de Pontevedra (97.518 euros).

A Estatística de Transmisión de Dereitos de Propiedade do INE indica unha considerable redución da compravenda de vivendas rexistradas en Galicia, redución que é común ao resto das Comunidades Autónomas, agás Castela - A Mancha (2,7% máis). Os datos provisionais presentados indican que no ano 2012 realizáronse en

Compravenda de vivendas nas CC.AA. 2011-12 (1)

	2011	2012	12/11
			(%)
Andalucía	72.753	62.873	-13,6
Aragón	9.004	8.531	-5,3
Asturias	7.927	6.696	-15,5
Baleares	8.228	8.081	-1,8
Canarias	15.520	14.528	-6,4
Cantabria	6.442	4.266	-33,8
Castela e León	19.557	16.280	-16,8
Castela - A Mancha	16.421	16.869	2,7
Cataluña	47.076	42.888	-8,9
C. Valenciana	46.958	46.394	-1,2
Estremadura	8.091	6.752	-16,5
Galicia	16.437	14.627	-11,0
Madrid	49.204	40.030	-18,6
Murcia	12.208	10.276	-15,8
Navarra	4.496	4.016	-10,7
País Vasco	15.451	12.262	-20,6
A Rioxa	3.227	3.019	-6,4
Ceuta e Melilla	824	670	-18,7
Total	359.824	319.058	-11,3

(1) datos 2012 son provisionais
Fonte: *INE*

3.2.28.

Galicia un total de 14.627 transaccións de compravendas, o que supón un 11% menos que no ano anterior (11,3% de redución media en España). No ano 2012 séguese a producir o axuste necesario entre oferta e demanda de vivenda, de xeito que no último ano o número de compravendas en Galicia é tres veces superior ao número de vivendas terminadas (**cadro 3.2.28.**).

O valor medio do Índice de Prezos da Vivenda no ano 2012 diminúe en relación ao ano anterior case 14 puntos no conxunto do Estado e sitúa en 72 puntos (2007=100); es valor medio acada en Galicia 82,8 puntos, case 13 menos que no ano anterior. No citado ano 2012, o índice de prezos da vivenda nova diminúe en Galicia 13,3 puntos, acadando 88,5 puntos (descenso similar ao do conxunto do Estado, onde o índice acada 80,9 puntos). No caso da vivenda protexida, o descenso é 14,3 puntos en Galicia, acadando o índice 73,7 puntos, fronte ao valor acadado no conxunto do Estado que é de 65 puntos.

Servizos

A importancia do sector servizos queda patente ao sinalar que aporta en torno ano 60% do valor engadido total da economía galega. Sen embargo no ano 2012, por primeira vez dende o ano 2009, redúcese a taxa de crecemento do dito valor engadido do sector, tornándose negativa (–1%) ao aportar, por primeira vez, menos valor engadido que no ano precedente.

O valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), do sector servizos galego no ano 2012, ascendeu a 33.514 millóns de euros, o que representa o 6,3% do total do valor engadido polo sector servizos a nivel estatal. Os datos da Contabilidade rexional de España indican que Galicia se sitúa como a sexta comunidade con maior peso relativo no conxunto do Esta-

Comercio interior nas CC.AA. 2011-12: índice de vendas polo miúdo

	2011	2012	12/11
			(%)
Andalucía	94,2	89,2	-5,3
Aragón	99,5	96,2	-3,3
Asturias	106,0	100,9	-4,8
Baleares	93,7	90,9	-3,0
Canarias	95,7	92,2	-3,6
Cantabria	107,1	101,9	-4,9
Castela e León	109,8	105,7	-3,8
Castela - A Mancha	102,0	95,3	-6,6
Cataluña	101,3	98,4	-2,8
C. Valenciana	95,3	91,6	-3,8
Estremadura	111,9	110,5	-1,2
Galicia	105,1	102,9	-2,1
Madrid	101,5	97,2	-4,2
Murcia	97,6	91,3	-6,5
Navarra	106,8	103,4	-3,2
País Vasco	102,9	99,6	-3,1
A Rioxa	97,4	94,3	-3,2
Ceuta	103,5	101,6	-1,8
Melilla	111,1	106,7	-3,9
Total	99,9	96,1	-3,8

Fonte: *INE*

3.2.29.

do, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia.

A importancia relativa da produción das actividades englobadas dentro do sector servizos no VEB xerado pola economía galega é do 59,4%, case seis puntos porcentuais inferior á media estatal.

A ralentización da actividade no sector servizos, reflíctese nunha notable contracción do emprego, así o número total de persoas ocupadas nas distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos diminuíu no último ano en 16.100 persoas (un 2,2% menos respecto ao ano precedente), situándose nas 716.900 persoas. O sector acolle o 69% dos traballadores ocupados en Galicia, 1,3 puntos porcentuais menos que no ano anterior, e o 5,5% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado (***Táboa 2.1.10:*** *Poboación ocupada 2012: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadada*).

A rama de actividade con maior número de ocupados no sector servizos é a de Comercio por xunto e ao retallo, que, con 156 mil traballadores, acolle a case 22 de cada 100 ocupados en Galicia no sector servizos. Séguenlle en importancia os subsectores de Actividades sanitaria e servizos sociais e Administración pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria, co 11,1% (79.300 ocupados) e 10,2% (72.900 ocupados), respectivamente; Educación, co 10% (71.700 persoas), e Hostalería co 9,2% (66.400 persoas).

- **Comercio**

A contracción da demanda e, en concreto, do consumo privado, afecta de forma directa ao descenso na actividade comercial, tanto por xunto como polo miúdo. No que respecta ao comercio polo miúdo, o índice de confianza empresarial reflicte un valor no terceiro trimestre do ano 2012 de –38,7, que mostra o pesimismo por parte dos empresarios do sector, só superado

Actividades comerciais minoristas en Galicia e España 2012 (1)

	Total		Actividades comerciais alimentación		Actividades comerciais non alimentación		Actividades de comercio mixto e outros	
	número	superficie (en m²)	número	superficie (en m²)	número	superficie (en m²)	número	superficie (en m²)
Galicia								
A Coruña	22.473	2.429.390	6.647	475.828	14.173	1.489.411	1.653	464.151
Lugo	6.782	824.297	1.748	167.134	4.482	550.605	552	106.558
Ourense	5.865	641.394	1.764	155.251	3.552	413.852	549	72.291
Pontevedra	16.332	1.796.403	4.643	353.700	10.157	1.111.993	1.532	330.710
España	786.163	96.712.884	247.839	19.278.739	473.046	61.469.583	65.278	15.964.562

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: *La Caixa*

3.2.30.

levemente polos datos do cuarto trimestre de 2008 (–38,9) e do cuarto trimestre de 2011 (–38,8). O pesimismo sobre a evolución da actividade está tamén sustentado na redución do índice de vendas polo miúdo que reflicte unha evolución negativa no curto prazo da actividade no sector, fundamental se temos en conta que na rama de comercio, por xunto e polo miúdo, en Galicia están ocupadas 156 mil persoas.

No que respecta ás actividades comerciais ao retallo, os datos a xaneiro de 2012 proporcionados polo Anuario de La Caixa, (**cadro 3.2.30.**) mostran a existencia en Galicia de 51.452 actividades comerciais ao retallo, definidas como aquelas suxeitas ao imposto de actividades económicas e a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE93), cunha superficie de 5,7 millóns de metros cadrados. Galicia acolle o 6,5% das actividades así definidas existentes no conxunto do Estado. Do total destas actividades comerciais, 14.802 son actividades comerciais de alimentación, das que o 87% son actividades de comercio tradicional. Existen ademais 32.364 actividades de non alimentación e 4.286 actividades de comercio mixto e outros.

• Turismo

A forte caída da demanda nacional impacta desfavorablemente con maior intensidade nos destinos con baixo peso da demanda estranxeira, este é o caso do sector turístico galego, cun gran peso do turismo nacional. Neste senso, 77 de cada 100 viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2012 son residentes en España (51,7 de cada 100 no conxunto do Estado). Outra das debilidades que caracterizan o sector é a alta estacionalidade, así o grao de ocupación hoteleira por praza no mes de agosto en Galicia é do 50,7%, 35,4 puntos por riba do rexistrado en xaneiro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 70,7% en agosto e o 36,6% no mes de xaneiro.

A tendencia decrecente na actividade do sector turístico galego, iniciada no ano 2008, só alterada no ano 2010 polos efectos positivos da celebración do ano Xacobeo, continúa no ano 2012. Así, o grao de ocupación hoteleira por praza sitúase no 27,5%, o máis reducido dende o ano 1999, primeiro da serie (un 52,3% de media en España.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou no último ano unha caída do 4,3%, que ten como causa o descenso de máis do 6% da chegada de viaxeiros nacionais, parcialmente compensada polo incremento do 2,2% da chegada de estranxeiros.

O número de viaxeiros en 2012 foi de

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2006-12 (1)

Galicia

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2006	35,6	63,2	22,4	2,16
2007	35,9	62,3	22,7	2,15
2008	34,0	56,6	21,9	2,21
2009	32,4	56,2	19,4	2,19
2010	34,1	59,6	17,9	2,15
2011	29,8	53,3	17,2	2,14
2012	27,5	50,7	15,3	2,03

España

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2006	54,7	74,4	40,9	3,26
2007	54,5	74,2	40,3	3,22
2008	52,0	71,9	36,4	3,24
2009	49,3	67,6	34,9	3,25
2010	49,3	70,1	34,4	3,26
2011	53,5	72,6	36,3	3,36
2012	52,3	70,7	36,6	3,38

(1) datos 2012 son provisionais

Fonte: *INE*

3.2.31.

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2011-12 (1)

2011

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.354.068	2.631.462	722.606	7.158.335	5.868.399	1.289.936	2,13
A Coruña	1.473.462	1.080.096	393.366	2.970.955	2.274.134	696.821	2,02
Lugo	529.832	413.469	116.363	869.006	718.531	150.475	1,64
Ourense	296.190	270.718	25.472	535.182	484.162	51.020	1,81
Pontevedra	1.054.583	867.179	187.404	2.783.196	2.391.575	391.621	2,64
España	85.366.976	45.824.882	39.542.094	286.761.260	111.524.330	175.236.930	3,36

2012

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.209.729	2.471.427	738.303	6.656.827	5.344.272	1.312.555	2,07
A Coruña	1.425.527	1.009.785	415.743	2.860.679	2.110.509	750.172	2,01
Lugo	499.513	379.568	119.947	786.880	642.672	144.210	1,58
Ourense	270.615	245.565	25.049	489.654	440.195	49.458	1,81
Pontevedra	1.014.074	836.508	177.566	2.519.618	2.150.901	368.717	2,48
España	83.182.531	43.047.778	40.134.753	281.373.348	102.150.005	179.223.340	3,38

(1) datos 2012 son provisionais

Fonte: *INE*

3.2.32.

Viaxeiros, pernoitas, grao de ocupación e estadía media en establecementos de turismo rural en Galicia e España 2011-12(1)

	2011		2012	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	143.235	2.715.986	138.196	2.662.670
residentes en España	122.531	2.378.592	112.789	2.273.516
residentes no estranx.	20.704	337.394	25.406	389.154
Pernoitas	295.003	7.696.369	269.599	7.504.080
residentes en España	255.744	6.158.918	222.069	5.776.261
residentes no estranx.	39.258	1.537.451	47.529	1.727.817
Grao de ocupación por praza			(%)	
media	12,1	15,1	10,5	14,0
fin de semana	19,6	25,1	16,7	23,4
Estadía media *(en días)*	2,06	2,83	1,77	2,68

(1) datos 2012 son provisionais
Fonte: *INE*

3.2.33.

3.209.729 (144.339 persoas menos), o que representa o 3,8% dos viaxeiros no conxunto do Estado. Os datos do **cadro 3.2.32.** amosan o xa citado elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que os viaxeiros de nacionalidade española representa o 77% do total.

A menor chegada de viaxeiros en relación ao ano anterior rexistrouse en todas as provincias galegas, A Coruña, con 48 mil viaxeiros menos que o ano anterior, Pontevedra con 40 mil viaxeiros menos, Lugo con 30 mil viaxeiros menos e Ourense con 25 mil viaxeiros menos. O descenso no número de viaxeiros en Galicia (–4,3%), é porcentualmente superior ao rexistrado no conxunto do Estado (2,5%), a causa da maior exposición do sector galego á demanda nacional.

Asociado ao descenso de viaxeiros, no ano 2012 prodúcese un descenso paralelo nas pernoitas en establecementos hoteleiros, tanto en Galicia como en España. Ao longo do ano 2012, as pernoitas experimentaron unha caída en Galicia do 7% respecto aos datos do ano precedente, acadando unha cifra de 6,6 millóns. Esta redución é inferior no conxunto do Estado, onde as pernoitas caen un 1,9%.

A redución no número de pernoitas é, en termos relativos, superior á redución no número de viaxeiros, polo que a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos redúcese lixeiramente ata os 2,07 días (no conxunto do Estado situouse nos 3,38 días). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros permanece constante, acadando os 1,79 días, estabilidade favorecida polo incremento no número de viaxeiros estranxeiros (2,2% máis) e no número de pernoitas (1,7% máis); a estadía media dos viaxeiros nacionais en Galicia, redúcese unha décima ata acadar os 2,16 días, nembargante, a relativa estabilidade da estadía media dos viaxeiros nacionais está asociada a unha perda de pernoitas (8,9% menos) superior á perda de viaxeiros (6,1% menos)

No ano 2012, Galicia presenta unha redución dos prezos hoteleiros, así o índice de prezos hoteleiros mostra unha redución do

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2010-11

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	122.628	112.207	-8,5	62.244	60.390	-3,0
Ferrocarril (2)	1.596	2.481	55,5	342	367	7,4
Marítimo (3)	30.727	33.558	9,2	382	389	1,8
Marítimo (4)	1.771	1.927	8,8	1.637	1.337	-18,3
Aéreo (5)	3.153	2.582	-18,1	4.453	3.868	-13,1

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.

3.2.34.

4,8% fronte á caída media do conxunto do Estado que foi do 0,1%.

A evolución do sector turístico no ano 2012 en Galicia está caracterizada polo descenso no número de viaxeiros, de pernoitas, de prezos e de ingresos. Ante esta situación, o pesimismo sobre o futuro do sector reflíctese claramente nos datos proporcionados polo Indicador de Confianza Turístico Empresarial (Exceltur), que sinala que o 89,4% dos empresarios galegos do sector esperan unha redución das súas vendas e un 89,1% unha diminución dos seus beneficios.

Un característica diferencial do turismo en Galicia, en relación a oferta de sol e praia, é o turismo rural. Neste tipo de turismo, **cadro 3.2.33.**, ao igual que ocorre no caso dos establecementos hoteleiros, diminúe o número de viaxeiros aloxados e pernoitas dos mesmos. No ano 2012, consolídase o descenso, iniciado no ano anterior, no número de viaxeiros cun 3,5% menos que no ano anterior, acadando as 138.196 persoas, sendo o número de pernoitas de 269.599, un 8,6% inferior ao rexistrado en 2011. Tendo en conta que en España tanto o número de viaxeiros como o de pernoitas en establecementos de turismo rural descende un 2% e 2,5%, respectivamente, a importancia relativa do turismo rural galego sobre o total estatal cae unha décima ata o 5,2% no caso dos viaxeiros, e ata o 3,6% no das pernoitas (3,8% no ano anterior). Tal como se observa nos establecementos hoteleiros, a meirande parte dos viaxeiros que acoden a establecementos de turismo rural en Galicia son de nacionalidade española, en concreto 81 de cada 100. O 52,9% dos viaxeiros nacionais proceden de dentro da Comunidade, seguidos en importancia polos procedentes da Comunidade de Madrid (18,1% do total), e Cataluña (6,1% do total).

O grao de ocupación por praza en establecementos de turismo rural situouse en 2012 en Galicia no 10,5%, sendo esta porcentaxe 6,2 puntos superior na fin de semana. No caso de España o grao de ocupación media por praza é superior, situándose no 14%, mentres que na fin de semana este dato ascende ao 23,4%. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 1,77 días, nove décimas por baixo da media estatal.

- **Transporte**

O transporte tanto de mercadorías como de pasaxeiros realízase maioritariamente por estrada, tendo o transporte ferroviario, aéreo ou fluvial, un carácter aínda que residual en canto ao montante total,

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2011-12(1)

	2011				2012				12/11
	Total	Intrarrexional	Interrexional	Internacional	Total	Intrarrexional	Interrexional	Internacional	(%)
	(en miles de tm.)	(%)			(en miles de tm.)	(%)			
Andalucía	233.027	78,4	19,2	2,4	194.103	74,1	23,0	2,9	-16,7
Aragón	93.006	48,4	47,6	4,0	79.304	42,3	52,7	5,0	-14,7
Asturias	57.255	71,0	27,7	1,3	49.527	63,7	34,7	1,6	-13,5
Baleares	19.641	88,4	11,5	0,1	17.910	89,8	10,0	0,1	-8,8
Canarias	37.098	100,0	-	0,0	30.345	100,0	-	-	-18,2
Cantabria	34.067	51,6	46,0	2,5	27.051	40,5	55,7	3,9	-20,6
Castela-A Mancha	125.463	49,8	48,4	1,9	103.637	40,0	57,6	2,3	-17,4
Castela e León	169.388	61,1	36,8	2,0	129.912	55,7	41,8	2,5	-23,3
Cataluña	253.791	69,4	24,2	6,4	235.376	68,9	24,8	6,3	-7,3
C. Valenciana	195.988	61,4	35,4	3,2	178.592	57,8	38,5	3,7	-8,9
Estremadura	42.957	65,5	32,5	2,1	40.087	63,1	34,1	2,8	-6,7
Galicia	122.628	80,0	17,0	2,9	112.207	77,8	19,3	2,9	-8,5
Madrid	130.127	45,8	51,7	2,5	107.012	39,4	57,5	3,1	-17,8
Murcia	68.514	54,1	41,9	4,0	60.688	48,2	47,2	4,7	-11,4
Navarra	48.275	45,5	49,8	4,7	40.260	42,0	52,7	5,3	-16,6
País Vasco	101.826	51,0	44,3	4,7	88.505	47,5	47,0	5,4	-13,1
A Rioxa	19.516	28,6	68,8	2,6	14.813	30,3	66,3	3,4	-24,1
Ceuta e Melilla	1.097	86,5	13,5	-	1.247	85,7	14,3	-	
Total	1.753.664	63,1	33,7	3,3	1.510.575	59,2	37,1	3,7	-13,9

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camións con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.35.

fundamental para a vertebración do territorio.

Tal como se reflicte no **cadro 3.2.34.**, a estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías. En canto aos pasaxeiros, a vía de comunicación máis importante, despois da estrada, é a vía aérea.

O volume de **mercadorías** transportadas por estrada, tal como acontece no conxunto do Estado e na totalidade das Comunidades Autónomas, en Galicia experimentou un descenso do 8,5%, que no conxunto do Estado foi do 13,9%. Ao longo do 2012, o número de toneladas transportadas en Galicia ascendeu a 112 miles de toneladas (o 7,4% do total estatal). O **cadro 3.2.35.** amosa un descenso do peso relativo do comercio intrarrexional no tráfico total galego, que ascendeu ata o 77,8% (2,2 puntos menos que en 2011), e o aumento do peso relativo do comercio interrexional que se sitúa no 19,3%, sendo en España esa porcentaxe do 37,1%.

Galicia é a quinta Comunidade Autónoma en volume de toneladas de mercadorías transportadas por estrada, por detrás de Cataluña, Andalucía, Valencia e Castela e León.

De cada 100 toneladas de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2012, só 1,6 utiliza o ferrocarril, isto a pesar do incremento de máis do 55% no volume de mercadorías así transportadas no ano 2012 en relación ao ano anterior. A nivel provincial obsérvase o forte incremento do transporte ferroviario de mercadorías na provincia de A Coruña, que, con 1,8 millóns de toneladas métricas, un 84% máis que en 2011, acolle o 79,5% do total de mercadorías transportadas por ferrocarril en Galicia (**táboa 3.2.36.**).

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías (1) en Galicia e España 2011-12

	2011			2012			12/11		
	Viaxeiros			Viaxeiros			Viaxeiros		
	Media distancia convencional	Longa distancia	Mercadorías	Media distancia convencional	Longa distancia	Mercadorías	Media distancia convencional	Longa distancia	Mercadorías
			(en tm.)			(en tm.)		(%)	
Galicia	3.264.898	341.731	1.595.854	3.085.946	366.866	2.481.342	-5,5	7,4	55,5
A Coruña	1.760.940	121.552	1.030.652	1.723.269	148.480	1.899.427	-2,1	22,2	84,3
Lugo	36.727	42.114	63.789	34.330	35.796	42.573	-6,5	-15,0	-33,3
Ourense	166.776	96.142	94.663	132.652	97.900	99.014	-20,5	1,8	4,6
Pontevedra	1.300.455	81.923	406.750	1.195.695	84.690	440.328	-8,1	3,4	8,3
España	16.252.226	23.032.982	17.326.903	25.409.349	22.452.458	17.074.403	56,3	-2,5	-1,5

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe

Fonte: *Renfe Operadora*

3.2.36.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo, a través do que se moven o 23,2% do total de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2012. Galicia no último ano presentou un incremento do tráfico portuario de mercadorías. Os portos de interese xeral moveron un total de 33.558 miles de toneladas (o 7,1% do total estatal), sendo o de Ferrol-San Cibrao o de maior movemento, ao acoller o 40,2% do tráfico total de mercadorías (13.505,6 miles de toneladas), seguido de cerca polo porto de A Coruña, cun 39,1% (13.130 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás o de Vigo, rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando os de A Coruña e Ferrol–San Cibrao, con incrementos en torno ao millón e medio de toneladas en ámbolos dous casos. En termos relativos destaca o incremento de máis do 23% no volume de mercadorías transportadas polo porto de Vilagarcía de Arousa.

No que respecta ao tipo de mercadorías, o movemento máis importante, en termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 16.134 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 65% (10.505 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 26% (4.180 miles de toneladas). Séguelle en importancia o volume do movemento de graneis líquidos, con 9.779 miles de toneladas, das que o 73% (7.209 miles de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

O porto de Vigo move o 64% das descargas de pesca fresca, sendo Galicia a que centraliza o 56,8% das descargas xestionadas no conxunto dos portos de interese xeral estatais.

No ano 2011 descárganse nos portos xestionados por Portos de Galicia 1.927 miles de toneladas de mercadorías, un 8,8% máis que no ano anterior, sendo un ano máis o porto de Cariño o que presenta o maior movemento de mercadorías, con 553 miles de toneladas (un 0,9% menos que en 2011), seguido do porto de Ribadeo, con 512 miles de toneladas. Entre ámbolos dous portos acollen o 55,3% do volume total de mercadorías descargadas nas instalacións xestionadas por Portos de Galicia.

Os portos xestionados por Portos de Galicia que presentan unha merma importan-

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2011-12

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
			(en tm.)			
Total	9.574.724	9.779.491	13.805.351	16.133.814	6.588.967	6.979.106
A Coruña	6.621.644	7.208.827	3.474.903	4.179.981	1.227.370	1.436.112
Ferrol-San Cibrao	2.678.177	2.296.990	8.685.747	10.505.476	687.589	687.589
Marín	-	-	869.946	805.966	954.700	1.052.949
Vigo	74.800	68.388	435.400	300.652	3.447.569	3.342.004
Vilagarcía	200.103	205.286	339.355	341.739	271.739	460.452
Total Portos do Estado	150.041.925	153.274.333	79.295.436	88.337.496	212.773.880	218.335.966
Galicia / España (%)	6,4	6,4	17,4	18,3	3,1	3,2

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
			(en tm.)			
Total	128.440	128.658	629.903	537.604	30.727.385	33.558.673
A Coruña	41.695	43.719	313.867	261.243	11.679.479	13.129.882
Ferrol-San Cibrao	448	346	15.689	15.194	12.067.650	13.505.595
Marín	2.033	1.893	19.751	12.348	1.846.430	1.873.156
Vigo	84.264	82.700	271.508	244.506	4.313.541	4.038.250
Vilagarcía	-	-	9.088	4.313	820.285	1.011.790
Total Portos do Estado	229.489	226.489	13.541.688	13.541.688	455.882.418	473.715.972
Galicia / España (%)	56,0	56,8	4,7	4,0	6,7	7,1

Fonte: *Ministerio de Fomento*

3.2.37.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2011-12

	2011		2012		12/11
	(en tm.)	(% /total)	(en tm.)	(% /total)	(%)
Total	1.771.031	100,0	1.927.322,4	100,0	8,8
A Pobra	129.003	7,3	120.291	6,2	-6,8
Burela	167.617	9,5	120.614	6,3	-28,0
Cariño	558.172	31,5	553.424	28,7	-0,9
Brens-Cee	152.760	8,6	367.327	19,1	140,5
Celeiro	215.113	12,1	189.127	9,8	-12,1
Laxe	29.715	1,7	24.224	1,3	-18,5
Pontecesures	1.810	0,1	1.709	0,1	-5,6
Ribadeo	484.831	27,4	511.854	26,6	5,6
Ribeira	29.857	1,7	38.582	2,0	29,2
Moaña	2.087	0,1	-	-	-
Muros	-	-	57	-	-
Canido	65	0,0	26	-	-59,4
Cambados	-	-	15	-	-
Portonovo	-	-	72	-	-

Fonte: *Portos de Galicia*

3.2.38.

Tráfico comercial aéreo 2011-12 (1)

Operacións

	2011	2012	12/11
Aeroportos galegos	52.735	44.383	-15,8
A Coruña	16.283	13.693	-15,9
Santiago	22.322	19.509	-12,6
Vigo	14.130	11.181	-20,9
Total España	2.140.308	1.924.668	-10,1
Galicia / España *(%)*	2,5	2,3	--

Pasaxeiros

	2011	2012	12/11
Aeroportos galegos	4.453.282	3.868.783	-13,1
A Coruña	1.012.800	845.452	-16,5
Santiago	2.464.330	2.194.611	-10,9
Vigo	976.152	828.720	-15,1
Total España	204.386.371	194.229.656	-5,0
Galicia / España *(%)*	2,2	2,0	--

Mercadorías

	2011	2012	12/11
	(en Kg.)		*(%)*
Aeroportos galegos	3.153.134	2.582.354	-18,1
A Coruña	251.966	195.614	-22,4
Santiago	1.787.504	1.815.840	1,6
Vigo	1.113.664	570.900	-48,7
Total España	672.146.043	649.744.574	-3,3
Galicia / España *(%)*	0,5	0,4	--

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos); datos 2012 son provisionais

Fonte: *AENA*

3.2.39.

te, en termos absolutos, no tráfico de mercadorías cargadas e descargadas son Burela e Celeiro, con 47 mil e 26 mil toneladas menos, fronte ao incremento en máis de 214 mil toneladas no volume de mercadorías xestionadas polo porto de Brens-Cee.

Finalmente, no que respecta ao transporte aéreo, destacar que no ano 2012 descende en máis dun 18% o volume de mercadorías transportadas nos tres aeroportos galegos, acadando un total de 2.582 toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal (**táboa 3.2.39.**).

O aeroporto de Santiago é o único que obtén un resultado positivo en canto a que incrementa nun 1,6%, ata as 1.815 toneladas, as mercadorías xestionadas, mentres no aeroporto de A Coruña redúcese nun 22,4% e no de Vigo, nun 48,7%.

No que respecta ao transporte de **pasaxeiros**, o ferrocarril incide de xeito fundamental na mobilidade intrarrexional e interrexional de persoas. O número de viaxeiros de media distancia convencional redúcese en Galicia no último ano un 5,5%, acadando os 3,1 millóns, mentres que os viaxeiros de longa distancia aumentan un 7,4%, acadando os 367 mil (**cadro 3.2.36.**).

A provincia de A Coruña acolle o 55,8% dos viaxeiros de media distancia conven-

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2011-12

	Liña regular			Cruceiros		
	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)
Total	918.388	631.482	-31,2	381.945	388.805	1,8
A Coruña	5.844	5.994	2,6	125.367	140.890	12,4
Ferrol-San Cibrao	4.212	14	-	9.422	7.049	-25,2
Marín	135.102	58.022	-57,1	-	-	-
Vigo	772.453	566.566	-26,7	244.030	238.854	-2,1
Vilagarcía	777	886	14,0	3.126	2.012	-35,6
Total Portos do Estado	19.286.086	19.258.772	-0,1	7.997.893	7.567.520	-5,4
Galicia / España *(%)*	4,76	3,28		4,78	5,14	

Fonte: *Autoridades Portuarias* e *Puertos del Estado*

3.2.40.

cional, seguida pola provincia de Pontevedra, co 38,7% do total. No que respecta á longa distancia, a provincia de A Coruña seguida da de Ourense, con 148 mil e 98 mil viaxeiros, respectivamente, son as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións.

No concernente ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral diminuíu nun 21,5% no ano 2012 en relación ao ano anterior. O incremento de más do 1,8% no número de cruceristas non compensou o descenso do 31,2% dos pasaxeiros de liña regular. Este descenso de pasaxeiros de liña regular prodúcese fundamentalmente nos portos de Vigo e Marín, con 206 mi e 77 mil pasaxeiros menos, respectivamente (**táboa 3.2.40.**).

No que atinxe ao transporte aéreo, o ano 2012 mostra resultados negativos para o conxunto do sistema aeroportuario galego, con reducións no número de operacións, pasaxeiros e xa citada de mercadorías.

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos diminúe un 15,8% respecto ao ano precedente, este descenso é xeneralizado nos tres aeroportos galegos, con reducións do 20,9% no aeroporto de Vigo (11.181 operacións, 2.949 menos que no ano 2011), do 15,9% no aeroporto de A Coruña (13.693 operacións, 2.590 menos que no ano anterior) e do 12,6% no aeroporto de Santiago (19.509 operacións, 2.813 menos que no ano anterior). Comparando co total do Estado, Galicia acolle o 2,3% do total de operacións.

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos redúcese ata os 3.868.783 persoas, un 13,1% inferior ao rexistrado en 2011. Igual que acontece co número de operacións, a redución no número de pasaxeiros afecta ao tres aeroportos galegos. Destacando o descenso no aeroporto de Santiago, con 269.719 pasaxeiros menos que no ano anterior (un 10,9% menos). Santiago segue sendo quen acolle ao maior número de viaxeiros, con 2.194.611 (o 56,7% do total de Galicia), seguido do aeroporto de A Coruña, con 845.452 persoas (21,8%) e finalmente o aeroporto de Vigo con 828.720 viaxeiros (21,4% do total galego). Destacar que o descenso medio de pasaxeiros nos aeroportos do Estado foi do 5%, moi inferior ao 13,1% sufrido en Galicia, o que provoca

Entidades de crédito en Galicia e España 2009-12 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Oficinas			Depósitos				Créditos		
	Galicia			Galicia				Galicia		
	Entidades de depósito	Establecementos financeiros de crédito	Banco de España	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	Administracións públicas	Outros sectores residentes
				(en miles de euros)				(en miles de euros)		
2009	2.395	19	1	50.819.602	8.618.948	13.848.708	28.351.950	71.282.704	1.791.102	69.491.600
2010	2.357	15	1	53.034.978	8.821.782	14.199.685	30.013.511	70.509.137	2.611.961	67.897.176
2011	2.136	15	1	51.377.635	7.654.974	14.275.812	29.446.854	64.075.938	2.584.371	61.491.567
2012	2.005	14	1	50.851.381	7.347.631	14.352.014	29.151.737	55.021.203	3.060.897	51.960.305

	España			España				España		
	Entidades de depósito	Establecementos financeiros de crédito	Banco de España	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro
				(en miles de euros)				(en miles de euros)		
2009	44.085	345	23	1.142.012.511	265.612.766	207.850.099	668.549.635	1.837.760.758	61.227.696	1.776.533.062
2010	42.894	270	23	1.148.252.850	263.438.786	211.346.036	673.467.994	1.856.783.280	74.492.008	1.782.291.272
2011	39.843	260	16	1.109.655.975	267.600.489	203.004.248	639.051.211	1.798.025.738	82.989.188	1.715.036.550
2012	37.903	239	16	1.100.152.170	264.840.639	199.112.406	636.199.130	1.633.833.958	96.890.364	1.536.943.594

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro
Fonte: *IGE*

3.2.41.

que o peso relativo do tráfico de pasaxeiros aéreos galegos no total estatal pase do 2,2% en 2011 ao 2% en 2012.

• Sector financeiro

No ano 2012 continúa o proceso de profunda reestruturación e recapitalización do sector bancario español, trazado a partir do Memorando de Entendemento (MoU) asinado en xullo de 2012, no que se determina unha folla de ruta para a resolución da crise bancaria, baseada, fundamentalmente, en plans de reestruturación xerais, para bancos viables e para bancos non viables.O incremento da eficiencia do sector bancario español e a súa recapitalización son os obxectivos fundamentais que se perseguen.

O cambio estrutural que se pretende co proceso de reestruturación bancaria favorece a redución no número de oficinas bancarias; neste senso, no ano 2012 en Galicia existen 2.005 oficinas de entidades de crédito, 131 menos que no ano anterior. En termos relativos, o descenso en Galicia foi do 6,1%, fronte ao 4,9% de descenso medio no conxunto do Estado (**táboa 3.2.41.**).

Os depósitos do sector privado nas entidades de crédito tamén diminuíron, pasando en Galicia de 51,4 millóns de euros no ano 2011 a 50,8 millóns no ano 2012, un descenso do 1%, superior ao acontecido de media en España (0,8% menos). O descenso no volume dos depósitos afecta tanto aos depósitos á vista como aos depósitos a prazo, aumentando lixeiramente o volume dos depósitos de aforro.

Finalmente, xunto ao descenso sinalado do 1% en Galicia no volume de depósitos, prodúcese no ano 2012 un descenso do 14,1% no valor dos créditos totais concedidos polas entidades en Galicia, pasando de 64 millóns de euros concedidos no ano 2011 a 55 millóns no ano 2012. Este descenso é porcentualmente superior ao acontecido de media no Estado, que foi do 9,1%. No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia aumentan os créditos concedidos ás Administracións públi-

cas (18,4% máis) e diminúen os concedidos aos restantes sectores residentes (15,5% menos). De xeito semellante, no conxunto do Estado aumenta o montante dos créditos concedidos ás Administracións Públicas nun 16,7% e diminúen nun 10,4% os créditos concedidos aos restantes sectores. ■

TRESTRES. estrutura produtiva

Ao longo do presente apartado analizaranse as principais características do comercio exterior galego, en comparación co total estatal e coa evolución nas restantes Comunidades Autónomas.


A evolución do sector exterior enmárcase nun contexto de crise económica xeneralizada, principalmente na Unión Europea, así como de tensións financeiras, máis acusadas nos meses centrais do ano 2012, ao intensificarse a crise de débeda soberana europea, e que comezan a remitir a principios do mes de agosto, a partir do apoio explícito do BCE aos mercados.

A pesar desta mellora nas condicións financeiras, o crecemento a nivel mundial estabilizouse en taxas reducidas, aínda que nos últimos meses do ano 2012 aprécianse signos de recuperación nas economías estadounidense e chinesa, observándose novamente a dicotomía xeográfica da crise e recuperación económicas.

Pese ao contexto internacional de moderado crecemento económico e de contracción na actividade nos principais países europeos, as exportacións españolas de bens e servizos rexistraron un incremento do 5% no ano 2012. Pola súa banda, as importacións españolas retrocederon un 1,4%, a causa da debilidade na demanda interna. Como consecuencia observamos una mellora no déficit comercial español.

Dado que a demanda nacional, no ano 2012, ten un aporte negativo ao crecemento do PIB, o sector exterior segue a ser o principal motor de crecemento da economía española, polo lado da demanda. Segundo datos do Banco de España, a balanza de pagos española reduce o seu déficit no ano 2012, a consecuencia, por unha banda, da redución do déficit da balanza por conta corrente, favorecido pola notoria diminución dos saldos negativos das balanzas de bens, de transferencias e de rendas e polo incremento do


Exportacións, importacións e PIB 2011-12 (1)



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2008; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2013)
Fonte: *IGE*

3.3.1.

Exportacións das CC.AA. 2011-12: valor sobre o



Fonte: *Secretaría de Estado de Comercio*

3.3.2.

Importacións e exportacións 2011-12 (1): distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012
			(en miles de euros)				*(%)*	
Total (2)	32.649.636	31.436.489	30.001.277	29.260.343	-2.648.359	-2.176.146	91,9	93,1
Resto de CC.AA. (3)	18.584.498	16.582.640	12.464.570	12.760.752	-6.119.928	-3.821.888	67,1	77,0
Resto do mundo	14.065.138	14.853.849	17.536.707	16.499.591	3.471.569	1.645.742	124,7	111,1
Áreas xeográficas								
Europa								
Zona Euro	5.631.078	5.883.481	11.306.856	9.601.922	5.675.778	3.718.441	200,8	163,2
UE-15	6.721.626	6.712.977	11.995.222	10.361.504	5.273.596	3.648.528	178,5	154,4
UE-27	7.067.118	7.095.237	12.712.410	11.155.193	5.645.292	4.059.956	179,9	157,2
Países candidatos á UE	347.200	354.719	400.771	408.660	53.570	53.941	115,4	115,2
OCDE	9.167.334	9.019.397	14.564.881	12.870.633	5.397.548	3.851.236	158,9	142,7
OPEP	990.151	1.757.045	735.741	1.053.521	-254.410	-703.524	74,3	60,0
Mercosur	359.516	304.631	308.164	302.955	-51.352	-1.677	85,7	99,4
EEUU	451.828	328.908	369.642	392.154	-82.186	63.246	81,8	119,2
América Latina	1.754.935	1.937.740	709.173	997.875	-1.045.762	-939.865	40,4	51,5

(1) datos 2011 e 2012 son avance

(2) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos a partir das *Contas Económicas Trimestrais* do IGE (PIB pm, índices de volume encadenados, Base 2005 estacionais e de calendario - consulta: 30-03-2012 -)

(3) diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fonte: *IGE*

3.3.3.

saldo positivo da balanza de servizos; por outra banda, a balanza por conta de capital incrementa notablemente, en máis de mil cen mil millóns de euros, o seu saldo positivo; o que reduce a necesidade de financiamento no exterior da economía española, nun contexto europeo de crise financeira, especialmente árida no primeiro semestre do ano.

Esta forte corrección das necesidades de financiamento da economía española, debeuse fundamentalmente á redución de máis de 16 mm de euros do déficit da balanza comercial, e ao aumento de case 3 mm de euros da balanza de servizos. Nos restantes compoñentes, o déficit da balanza de rendas diminúen en máis de 7 mm de euros, redución asociada á diminución dos pagos ligados aos investimentos de carteira.

Aínda que negativa, a mellor evolución da economía galega no ano 2012, en relación á media estatal, é consecuencia dunha menor caída da demanda interna derivada dunha menor necesidade de medidas de axuste, pese á contribución máis reducida do sector exterior no caso galego.

O sector exterior galego aporta unha contribución positiva ao crecemento agregado, como consecuencia da existencia dun saldo comercial positivo, a pesar de que en Galicia no ano 2012 prodúcese un descenso do 3,8% do valor das exportacións e un incremento do 3,4% no valor das importacións, o que supón que o saldo comercial, aínda que positivo como se sinala, é un 40,5% inferior ao contabilizado no ano precedente.

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 29.260 millóns de euros e as importacións ascenderon a 31.436 millóns de euros. No ano 2012, a taxa de cobertura acada o 93,1%, en tanto que o grado de apertura da economía galega (calculado tendo en conta as importación e exportacións totais de bens e servizos) redúcese ata o 107,8% (109,9% no ano anterior).

Importacións e exportacións de Galicia e España 2011-12

	Importacións			Exportacións		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11
	(en millóns de euros)		*(%)*	*(en millóns de euros)*		*(%)*
Galicia	14.332,3	14.822,0	3,4	17.146,3	16.496,2	-3,8
A Coruña	7.753,1	8.331,6	7,5	6.885,2	7.908,9	14,9
Lugo	975,2	1.033,3	6,0	925,7	898,7	-2,9
Ourense	454,0	438,7	-3,4	643,1	711,2	10,6
Pontevedra	5.150,1	5.018,5	-2,6	8.692,2	6.977,5	-19,7
España	263.140,7	253.401,3	-3,7	215.230,4	222.643,9	3,4
Galicia/España *(%)*	5,4	5,8		8,0	7,4	

	Saldo comercial		
	2011	2012	12/11
	(en millóns de euros)		
Galicia	2.814,0	1.674,2	-1.139,8
A Coruña	-867,9	-422,7	445,2
Lugo	-49,5	-134,6	-85,1
Ourense	189,1	272,5	83,4
Pontevedra	3.542,1	1.959,0	-1.583,1
España	-47.910,3	-30.757,4	17.152,9

Fonte: *Secretaría de Estado de Comercio*

3.3.4.

O principal mercado dos produtos galegos o constitúe o resto das Comunidades Autónomas españolas, ao acoller o 52,7% das importacións e o 43,6% das exportacións de Galicia. A diferenza do acontecido no 2011, no ano 2012 diminúe o déficit comercial co resto das CC.AA., que se situou nos –3.822 millóns de euros, tras un descenso das importacións e un lixeiro aumento das exportacións galegas ás restantes CCAA.

Comercio exterior con terceiros países

Galicia, en relación ao comercio con terceiros países, reduce en 2012 o saldo positivo da súa balanza comercial nun 40,5%, explicable polo incremento do valor das importacións fronte á redución do das exportacións, neste senso, o valor das importacións galegas no ano 2012 increméntase en 490 millóns de euros (3,4% máis), fronte a unha redución de 650 millóns no valor das exportacións (3,8% menos).

A redución da actividade comercial con terceiros países, así como da taxa de cobertura da economía galega, está intimamente relacionada coa xeneralización da crise económica na zona euro, principal destino das exportacións e orixe de importacións galegas. As exportacións galegas á zona euro pasan de representar no ano 2011 o 64,5% do total, ao 58,2% no ano 2012, reducíndose en máis de 1.700 millóns de euros. No que respecta ás importacións, cómpre salientar o incremento de máis do 77% do valor dos bens e servizos con orixe nos países da OPEP, o que supón un incremento en torno aos 770 millóns de euros do valor das importacións de derivados do petróleo.

A actividade comercial con terceiros países en Galicia, a diferenza do que acontece no conxunto do Estado, redúcese no ano 2012,. Neste senso, o saldo comercial galego, aínda que continúa sendo positivo, se reduce en máis de 1.800 millóns de euros, fronte ao incremento de máis de

Importacións e exportacións 2012: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	12/11	peso relativo	Galicia/ España	Importe	12/11	peso relativo	Galicia/ España
	(en miles de euros)		(%)		(en miles de euros)		(%)	
Total	14.822.005,9	3,4	100,0	5,8	16.496.217,2	-3,8	100,0	8,2
Alimentos	2.494.175,8	6,5	16,8	8,9	2.302.805,2	0,1	14,0	6,8
Enerxéticos	4.342.935,6	10,1	29,3	7,0	969.092,7	28,4	5,9	5,9
Materias primas	577.491,1	6,8	3,9	5,8	699.257,7	-2,9	4,2	11,9
Bens de equipamento	1.285.029,0	-0,6	8,7	3,0	2.448.247,9	-23,1	14,8	5,6
Semimanufacturas	2.070.744,3	-13,4	14,0	3,7	2.105.619,0	6,3	12,8	3,7
Sector Automóbil	1.849.043,7	7,1	12,5	7,9	3.126.427,2	-22,8	19,0	10,2
Bens de consumo duradeiro	144.740,1	-13,6	1,0	2,6	136.760,7	14,9	0,8	3,9
Manufacturas de consumo	2.039.275,9	6,5	13,8	8,1	4.025.753,9	15,2	24,4	21,5
Outras mercadorías	18.570,5	38,7	0,1	0,9	682.252,9	24,7	4,1	5,3

Fonte: *Secretaría de Estado de Comercio*

3.3.5.

15.500 millóns de euros que se produce no saldo comercial español, que, sen embargo, segue sendo negativo.

Nembargante, o citado saldo comercial positivo da economía galega representa as relacións comerciais con terceiros países, xa que o saldo comercial co resto de Comunidades Autónomas é negativo, aínda que se reduce en relación ao ano anterior, acadando os –3.822 millóns de euros fronte ao acadado no ano 2011, onde as importacións galegas a outras Comunidades eran 6.120 millóns de euros superiores ao valor das exportacións dentro de España. A redución do déficit comercial galego intracomunitario é consecuencia, fundamentalmente, das menores importacións e dun estancamento nas exportacións.

A nivel provincial, as catro provincias galegas, agás Ourense, presentan significativas reducións no seu saldo comercial con terceiros países, sendo a redución máis importante, tanto en termos absolutos como relativos, a que se produce na provincia de Pontevedra, que, cun saldo comercial positivo no ano 2012 de 1.959 millóns de euros, o máis elevado das catro provincias, reduciu en case 1.550 millóns de euros o seu saldo comercial en relación ao ano anterior, o que supón un 44,1% menos, acusando a caída do 19% no valor das súas exportacións. Ourense é a única provincia galega que incrementa o seu saldo comercial en 79 millóns de euros, acadando no ano 2012 un saldo comercial positivo de 272,5 millóns de euros.

Finalmente, destacar que as provincias de A Coruña e Pontevedra están situadas no sétimo e undécimo posto, respectivamente, no *ranking* de provincias españolas con maior valor das exportacións, cando no ano anterior Pontevedra estaba situada no cuarto posto e A Coruña, no noveno.

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas, segundo os datos proporcionados pola Secretaría de Estado de Comercio, ascendeu no último ano a 14.822 millóns de euros (490 millóns máis que en 2011), o que representa o 5,8% do valor total das importacións españolas. Este incremento ven como consecuencia do maior valor das importacións nas provincias de A Coruña (7,5% máis, 578,5 millóns de euros máis, a causa principalmente do incremento no prezo do petróleo) e Lugo (6% máis, 58,1

millóns de euros en termos absolutos), fronte á redución do valor das importacións en Ourense (15,3 millóns de euros menos) e en Pontevedra (2,6% menos, 131,6 millóns menos). A provincia de A Coruña, tras o novo descenso das importacións na provincia de Pontevedra, afiánzase como a máis importante no que ao valor das súas importacións se refire, acollendo ao 56,2% das importacións totais galegas (Pontevedra abrangue o 33,8%).

Mentres que o valor das compras exteriores dos bens de consumo duradeiro, das semimanufacturas e dos bens de consumo duradeiro diminuíron nun 13,6%, un 13,4% e un 0,6%, respectivamente, as importacións de produtos enerxéticos (10,1% máis), do sector do automóbil (7,1% máis), materias primas (6,8% máis), de alimentos (6,5%) e de manufacturas de consumo (6,5%) increméntanse.

Destacan polo seu peso relativo os produtos enerxéticos, que supoñen o 29,3% do valor total das importacións galegas no ano 2012, cun valor 400 millóns de euros superior ao do ano anterior. As importacións de alimentos increméntanse en máis de 153 millóns de euros en valores absolutos, representando o 16,8% do valor total das importacións en Galicia. As importacións de semimanufacturas reducen o seu importe en máis de 319 millóns de euros, representando o total de importacións destes produtos o 14% do valor total das importacións no ano 2012. Finalmente, as importacións con destino no sector do automóbil increméntanse nun 7,1%, máis de 122 millóns de euros, supoñendo o 12,5% do total de importacións galegas no ano 2012.

En canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, destaca a importancia das actividades englobadas dentro dos subsectores dos produtos alimentarios e as manufacturas de consumo, que supoñen o 8,9% e 8,1% das compras españolas respectivamente, seguidas das do sector do automóbil, que representa o 7,9% das importacións españolas deste sector.

Se a análise descende ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.6.**, os dous primeiros capítulos importadores acollen o 41,7% do valor das importacións galegas. Neste ano 2012 os dous primeiros capítulos importadores volven a ser o capítulo 27 ("Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais"), que, tras unha medra do 15,9%, representa o 29,2% das importacións e se sitúa como o primeiro capítulo importador, por diante do relativo ao de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), que, tras aumentar no ano 2012 un 8%, supón o 12,5% do valor total das compras.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do **cadro 3.3.3.**, o 47,8% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (7.095,21 millóns de euros). Fóra da UE, a nivel individual, cabe salientar as compras realizadas dende Galicia a México, China, Marrocos e EEUU, que supoñen respectivamente o 6,3%, o 3,9%, o 2,4% e o 2,2% das importacións totais a terceiros países desde Galicia. O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA (Peugeot-Citroën) en Vigo, é Francia, con 2.182 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.667 millóns.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da zona euro segundo capítulos (**cadro 3.3.6.**), as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 1.855 millóns de euros, o que representa o 31,5% das importacións galegas da zona euro, así como destacar

Importacións 2012: distribución segundo principais capítulos TARIC e destiño

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	Países da zona Euro	Francia	Portugal
			(en miles de euros)	*(%)*		*(en miles de €)*	
1	27	Combustibles minerais, aceites minerais e productos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	4.342.935,6	29,2	382.519,7	47.601,4	33.367,2
2	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	1.854.615,7	12,5	1.713.026,0	1.340.620,9	161.056,2
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.373.364,0	9,2	274.213,3	74.475,6	137.444,6
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	906.559,3	6,1	175.028,6	2.499,7	151.980,5
5	72	Fundición, ferro e aceiro	795.313,8	5,4	657.276,3	371.898,1	207.788,5
6	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	618.121,8	4,2	284.206,5	26.016,4	9.310,8
7	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	477.700,6	3,2	250.633,9	1.795,5	221.448,9
8	84	Máquinas e aparatos mecánicos	446.022,2	3,0	200.947,7	14.207,9	24.056,9
9	16	Preparación de carne, peixo ou crustáceo, moluscos.	399.469,4	2,7	10.927,1	1.306,3	6.374,2
10	10	Cereais	299.526,2	2,0	46.380,1	22.949,9	304,0
Total dos principais capítulos			11.513.628,6	77,5	3.995.159,2	1.903.371,7	953.131,8
Resto			3.340.220,8	22,5	1.888.321,7	278.419,7	713.831,2
Total			14.853.849,4	100	5.883.480,9	2.181.791,4	1.666.963,0

Fonte: *IGE*

3.3.6.

Exportacións 2012: distribución segundo principais capítulos TARIC e procedencia

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	Países da zona Euro	Francia	Portugal
			(en miles de euros)	*(%)*		*(en miles de €)*	
1	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.002.050,8	24,3	2.890.473,9	2.561.628,4	138.906,5
2	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	2.018.404,9	12,2	1.162.288,9	302.227,6	189.211,2
3	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	1.097.213,6	6,6	700.768,1	159.265,1	119.461,9
4	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.082.951,6	6,6	755.878,5	81.730,5	263.350,6
5	27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	969.099,3	5,9	341.072,3	3.372,5	144.733,3
6	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	823.668,4	5,0	330.382,8	83.134,2	23.304,7
7	72	Fundición, ferro e aceiro	647.951,0	3,9	181.938,3	12.524,0	121.532,1
8	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	542.743,0	3,3	460.759,1	124.258,2	70.744,6
9	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	385.598,7	2,3	248.222,4	44.423,9	152.698,6
10	84	Máquinas e aparatos mecánicos	359.353,5	2,2	140.698,7	15.833,4	56.834,3
Total dos principais capítulos			11.929.034,8	72,3	7.212.483,0	3.388.397,8	1.280.777,8
Resto			4.570.556,1	27,7	2.389.439,3	527.838,9	880.242,2
Total			16.499.590,9	100	9.601.922,3	3.916.236,7	2.161.020,0

Fonte: *IGE*

3.3.7.

que o 92,4% do valor total das importacións galegas do capítulo 82 proceden desta área xeográfica.

O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), cun importe de 657 millóns de euros, representando o 11,2% do total das importacións galegas que veñen dos países da zona euro e o 82,6% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, os dous capítulos máis importantes en termos absolutos son os mesmos que os citados como máis importantes dentro da zona euro, o 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") e o 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), que representan o 78,5% das compras nese país. No caso de Portugal, os capítulos máis importantes son o 61 ("Prendas e complementos de vestir de punto"), 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), e o capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios"), por esa orde, que representan conxuntamente o 35,4% do total de importacións galegas con orixe en Portugal.

- **Exportacións ao exterior**

Rompendo coa tendencia dos dous últimos anos, no 2012 as vendas ao exterior reducíronse un 3,8% en relación ao ano anterior, fronte ao incremento experimentado no conxunto do Estado. Tras a citada redución do 3,8% (17,6% de incremento no 2011, en relación ao ano anterior), o importe total das exportacións a terceiros países acadou no último ano os 16.496 millóns de euros, o que representa o 7,4% das exportacións españolas, seis décimas inferior ao peso do ano precedente.

As provincias galegas, agás Pontevedra e Lugo, incrementan o valor das súas exportacións. Cun incremento do 14,9% (1.023,7 millóns máis) das exportacións respecto ao ano 2011, A Coruña pasa a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 47,9% das exportacións galegas. Na provincia de Pontevedra descende o valor das exportacións nun 19,7%, acadando os 6.977,5 millóns, pasando do primeiro ao segundo posto en valor de exportacións por detrás de A Coruña.

Atendendo á desagregación sectorial, o **cadro 3.3.5.** reflicte o descenso no valor das exportacións dos produtos alimenticios, materias primas, bens de equipamento e do sector do automóbil, con descensos nestes dous últimos casos, que superan o 20% do valor das exportacións realizadas no ano 2011.

O capítulo máis importante en canto ao importe das exportacións é o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (Taric 87), que concentra o 24,3% das exportacións galegas. A continuación estarían os capítulos correspondentes a "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto" (Taric 62), que representa o 12,2% das vendas, e a "Prendas e complementos de vestir, de punto" (Taric 61), que representan o 6,6% e a "Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos" (Taric 3), co 6,6% do valor total das exportacións (**cadro 3.3.7.**).

A zona euro concentra o 58,2% do valor total das exportacións galegas ao exterior (9.602 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 3.916 millóns de euros (23,7% do total). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.161 millóns de euros (13,1%). A distancia están Italia (7,7%), Alemaña (4,8%) e Reino Unido (4,4%).

Exportacións galegas 2010-2012: ránkings segundo países de destino

	2010	2011	2012
		(en miles de €)	
Zona Euro	10.249.285	11.306.856	9.601.922
UE 15	10.644.935	11.995.222	10.361.504
UE27	11.314.359	12.712.410	11.155.193
UE 25	11.205.352	12.560.147	10.956.924
Alemaña	536.321	703.792	790.461
Austria	59.381	84.121	77.574
Bélxica	292.394	282.376	283.666
Dinamarca	51.358	60.539	47.981
Finlandia	31.259	126.263	69.809
Francia	4.846.297	4.885.411	3.916.237
Grecia	261.885	273.351	227.458
Irlanda	70.226	77.806	72.868
Italia	1.139.847	1.204.669	1.266.789
Luxemburgo	16.407	17.129	20.662
Países Baixos	473.462	400.505	520.238
Portugal	2.263.969	2.984.168	2.161.020
Reino Unido	493.561	607.226	727.304
Suecia	65.028	161.857	126.119
Chipre	147.096	37.805	43.960
Eslovaquia	15.583	27.670	21.745
Eslovenia	38.270	40.216	39.855
Estonia	10.039	18.344	20.723
Hungría	54.769	58.433	67.552
Letonia	10.681	12.705	17.158
Lituania	18.495	21.504	27.807
Malta	13.348	17.220	15.539
Polonia	216.143	282.887	297.316
República Checa	35.992	48.140	43.766
Bulgaria	22.958	26.587	32.311
Romanía	86.049	125.676	165.958
Países candidatos á UE	367.542	400.771	408.660
Estados Unidos	376.907	369.642	392.154
China	113.516	136.429	170.059
Marrocos	398.748	384.000	465.527
OCDE	12.260.059	14.564.881	12.870.633
OPEP	421.669	735.741	1.053.521
MERCOSUR	369.660	308.164	302.955
América Latina	748.906	709.173	997.875
Arxentina	86.140	119.678	114.943
Brasil	263.477	167.003	166.783
Chile	50.023	68.137	124.350
Cuba	23.005	16.551	19.500
Ecuador	18.628	17.938	21.872
Guatemala	5.254	6.573	9.433
México	114.638	148.806	160.049
Panamá	15.918	18.341	20.735
Perú	24.781	29.991	78.797
Paraguai	834	1.377	1.410
El Salvador	3.668	3.533	3.751
Uruguai	19.209	20.106	19.818
Venezuela	71.101	46.476	170.400
Outros países	52.230	44.664	86.035
Total	14.913.206	17.536.707	16.499.591

Fonte: *IGE*

3.3.8.

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da zona euro, **cadro 3.3.7.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.890 millóns de euros, o que representa o 30,1% das exportacións a este espazo. O segundo capítulo exportador, cun incremento de aproximadamente o 15% no ano 2012 fronte ao 2011, é o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 1.162 millóns de euros, representa o 12,1% do total das vendas aos países da zona euro.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 65,4% das vendas a ese país e que representan o 64% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. No caso portugués, o principal capítulo é o 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos), seguido do 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás o punto"), ao acoller o 12,2% e o 8,7% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores (RIE), a partir dos que a Secretaría de Estado de Comercio Exterior presenta unha explotación estatística que para os investimentos estranxeiros nas Comunidades Autónomas só ofrece datos de investimento bruto, de forma que a análise do investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia baséase en datos de investimento bruto, entendido como o que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participacións en sociedades galegas non cotizadas.
- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
- Constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras.
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

No caso do investimento galego no exterior, recóllense as operacións de residentes que supoñan:

- Participación en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior.
- Participación en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior (superior ao 10% do capital).
- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26.

Tendo en conta as limitacións estatísticas sinaladas, obsérvase como, en termos de investimento estranxeiro bruto, fronte ao significativo incremento no ano 2011, presentouse un descenso moi importante do volume de investimento estranxeiro en Galicia así como un non menos significativo descenso do investimento galego no exterior, sendo o descenso de máis do 66% no caso do investimento estranxeiro en Galicia e a caída de máis do 79% no caso do investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior.

Os datos do Rexistro de investimentos españois no exterior reflicten que o investimento bruto estranxeiro en Galicia ao longo do último ano, tal como se sinala anteriormente, redúcese notablemente, acadando un total de 174 millóns de euros, moi por debaixo das cifras acadadas no ano 2011, de 524,5 millóns de euros. Este

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2011-12

	2011			2012			12/11
	Total		UE - 27	Total		UE - 27	
	(en millóns de €)	*(%)*	*(en millóns de €)*	*(en millóns de €)*	*(%)*	*(en millóns de €)*	*(%)*
Andalucía	619,4	2,6	494,5	231,2	1,7	164,7	-62,7
Aragón	38,3	0,2	34,3	150,2	1,1	96,1	291,7
Asturias	18,4	0,1	11,1	62,7	0,5	58,2	241,6
Baleares	408,2	1,7	287,3	246,9	1,8	182,0	-39,5
Canarias	83,4	0,4	50,8	68,4	0,5	33,6	-18,1
Cantabria	16,8	0,1	15,0	22,0	0,2	8,0	31,2
Castela e León	182,7	0,8	165,6	14,9	0,1	10,9	-91,8
Castela-A Mancha	462,6	2,0	462,2	50,6	0,4	48,5	-89,1
Cataluña	3.018,3	12,8	2.376,3	2.602,9	19,3	2.193,3	-13,8
C. Valenciana	382,4	1,6	332,6	91,3	0,7	22,1	-76,1
Estremadura	36,0	0,2	35,5	31,6	0,2	28,1	-12,4
Galicia	524,5	2,2	461,8	174,0	1,3	148,1	-66,8
Madrid	16.616,5	70,4	15.822,9	8.727,8	64,8	6.604,9	-47,5
Murcia	72,1	0,3	68,3	18,1	0,1	9,3	-74,9
Navarra	49,3	0,2	47,4	161,3	1,2	159,3	227,2
País Vasco	524,7	2,2	330,1	433,8	3,2	323,1	-17,3
A Rioxa	2,7	0,0	1,7	10,3	0,1	9,0	277,6
Ceuta-Melilla	0,0	0,0	0,0	1,4	0,0	1,4	3.792,1
Sen asignar	559,1	2,4	516,4	361,0	2,7	264,8	-35,4
Total	23.615,4	100,0	21.513,6	13.460,5	100,0	10.365,5	-43,0

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*
(consulta: 03-04-2013)

3.3.9.

investimento supón o 1,3% do investimento estranxeiro bruto en España, que se concentra basicamente en Madrid (acolle o 64,8% do mesmo) e Cataluña (cun 19,3%) (**cadro 3.3.9.**).

A UE-27 é a responsable do 85% do investimento bruto estranxeiro en Galicia no último ano (148,1 millóns de euros), porcentaxe lixeiramente superior ao do conxunto do Estado, que acada o 77%. O forte descenso do investimento bruto estranxeiro en Galicia, de máis do 66% en relación ao ano anterior, está causado fundamentalmente pola espectacular caída dos investimentos de países, tradicionalmente con gran importancia, como é o caso de Portugal, ou cunha importancia máis residual como é o caso de China ou Reino Unido; reducións que non se ven compensadas polos maiores investimentos de outros países, basicamente Italia.

As empresas de Portugal que, tradicionalmente, eran as máis investidoras en Galicia, pasan a ser as cuartas en volume de investimento, ao nivel de países como Venezuela e por detrás de Italia (107 millóns de euros), Reino Unido (19 millóns de euros) e Luxemburgo (10,5 millóns). As empresas portuguesas pasan de investir 336 millóns de euros no ano 2011, a 5,9 millóns no ano 2012. O investimento procedente de China redúcese tamén significativamente, pasando de aproximadamente 54 millóns de euros no ano 2011, a un só millón no ano 2012. O segundo gran investidor estranxeiro en Galicia, no ano 2011, era o Reino Unido, que tamén diminúe de xeito importante o volume de inversión, pasando de 83 millóns de euros a 19 no ano 2012. Dende un punto de vista positivo, cómpre salientar o forte incremento do investimento italiano, que pasa de 3 millóns de euros no ano 2011 a 107 millóns no ano 2012 (**cadro 3.3.10.**).

Investimento estranxeiro bruto en Galicia 2010-12: distribución segundo país de orixe

	2010	2011	2012
		(en miles de euros)	
Alemaña	-	-	5,00
Andorra	216,96		500,00
Arxentina	889,70	386,52	40,00
Bélxica	1,91	3,10	-
Belice	-	-	40,00
Brasil	221,55	-	1.032,10
Canadá	3,01	-	-
Chile	-	-	1,50
China	554,52	53.864,49	1.010,94
Colombia	-	4,50	-
Costa Rica	-	-	2,26
Estados Unidos	45,38	8,80	183,96
Estonia	346,50	-	-
Finlandia	-	3,60	-
Francia	-	2.013,30	4.507,19
Guatemala	-	-	0,32
Italia	814,90	3.000,00	107.058,06
Líbano	4,00	-	-
Luxemburgo	163,92	32.630,88	10.545,34
Malta	-	3,50	-
Marruecos	-	1.200,00	-
México	3.267,16	4.235,61	9.076,44
Monaco	7,50	-	-
Noruega	96,00	-	-
Nova Zelanda	-	1,50	-
Paises Baixos	4,00	3.776,64	824,55
Panamá	886,77	184,54	3.929,52
Perú	-	-	3,01
Polonia	2,00	-	-
Portugal	26.765,00	335.830,08	5.946,78
Reino Unido	9.504,79	83.196,50	19.187,43
Rusia	346,50	-	7,00
Suecia	-	1.303,88	-
Suiza	2.738,49	60,01	103,65
Uruguay	240,92	-	4.869,42
Venezuela	1.913,00	2.810,77	5.104,95
Total	49.034,48	524.518,22	173.979,42

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*
(consulta: 03-04-2013)

3.3.10.

Os cambios significativos que se producen ao longo do ano 2012 no *ranking* de países con maiores investimentos en Galicia provocan que sectores tradicionalmente receptores de gran investimento exterior, como é o caso da industria química, pasen de recibir investimentos de 83 millóns de euros no ano 2011 a só 19,5 no ano 2012, fronte a sectores con investimentos residuais, como o caso das industrias alimenticias, nas que o investimento estranxeiro era de pouco máis de 100 mil euros no ano 2011, pasan a ser as maiores receptoras de investimento estranxeiro en Galicia no ano 2012, con máis de 106 millóns de euros.

Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento na industria téxtil, co 53,7% do total estatal, nas actividades de agricultura, gandería, caza e servizos relacionados, co 38,2% do total estatal, e na industria química, que acollen o 33% do investimento estran-

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2012: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en millóns de euros)	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total subsectores	171,4	98,5	4.879,0	36,2	3,5
Industria da alimentación	106,74	61,4	323,76	2,4	33,0
Industria química	19,50	11,2	329,98	2,5	5,9
Subminsitro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	7,49	4,3	1.136,55	8,4	0,7
Agricultura, gandeiría, caza e serv.relacioados	7,33	4,2	19,18	0,1	38,2
Construción de edificios	7,33	4,2	533,13	4,0	1,4
Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	5,61	3,2	166,68	1,2	3,4
Actividades inmobiliarias	5,45	3,1	1.011,75	7,5	0,5
Industria téxtil	4,50	2,6	8,39	0,1	53,7
Actividades administrativas de oficina	3,02	1,7	246,11	1,8	1,2
Pesca e acuicultura	1,24	0,7	45,09	0,3	2,7
Servicios de información	1,12	0,6	26,11	0,2	4,3
Outros servicios persoais	1,03	0,6	7,54	0,1	13,7
Metalurxia, fabricación de productos ferro e aceiro	1,01	0,6	1.024,78	7,6	0,1
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	0,99	0,6	211,74	1,6	0,5
Enxeñeiría civil	0,80	0,5	255,09	1,9	0,3
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	0,20	0,1	291,78	2,2	0,1
Servizos técnicos, arquitectura e enxeñeiría	0,15	0,1	416,16	3,1	0,0
Industria do coiro e calzado	0,11	0,1	1,03	0,0	10,2
Comercio por xunto, e interme.comercio, agás vehículos a motor	0,09	0,1	757,06	5,6	0,0
Fabricación de bebidas	0,08	0,0	39,76	0,3	0,2
Servizos finaceiros, agás seguros e fondos de pensións	0,05	0,0	1.468,36	10,9	0,0
Outros	2,6	1,5	8.581,4	63,8	0,0
Total	174,0	100,0	13.460,5	100,0	1,3

(1) investimento en empresas españolas únicamente

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

(consulta: 04-04-2013)

3.3.11.

Investimento bruto das CCAA no exterior 2011-12

	2011			2012			12/11
	Total		UE-27	Total		UE-27	
	(en miles de euros)	*(% / total)*		*(en miles de euros)*	*(% / total)*		*(%)*
Andalucía	873.962,1	2,5	10.448,2	90.765,2	0,6	373,4	-89,6
Aragón	267.087,9	0,8	259.329,9	201.597,8	1,4	164.199,4	-24,5
Asturias	208.124,2	0,6	118,4	428.859,9	3,0	105,9	106,1
Baleares	43.588,6	0,1	19.034,2	141.474,8	1,0	95.675,7	224,6
Canarias	988.613,4	2,8	64,5	20.308,6	0,1	5.090,0	-97,9
Cantabria	4.984.232,1	14,1	4.217.955,7	1.593.355,4	11,2	29.197,5	-68,0
Castela e León	28.528,5	0,1	1.086,8	25.735,1	0,2	3.169,7	-9,8
Castela-A Mancha	91.720,5	0,3	27.898,0	21.538,5	0,2	20.457,1	-76,5
Cataluña	3.258.122,2	9,2	491.868,6	1.326.567,4	9,3	974.700,3	-59,3
C. Valenciana	524.832,0	1,5	273.377,5	743.866,2	5,2	70.916,5	41,7
Estremadura	1.213,3	0,0	1.118,6	584,2	0,0		-51,9
Galicia	556.709,5	1,6	273.125,9	112.483,9	0,8	71.942,6	-79,8
Madrid	18.190.200,3	51,3	9.340.960,3	9.104.274,9	63,7	3.536.245,9	-49,9
Murcia	9.528,8	0,0	852,8	4.350,4	0,0	167,9	-54,3
Navarra	23.905,0	0,1	39,0	25.669,7	0,2	-	7,4
País Vasco	5.418.886,8	15,3	312.446,9	429.554,8	3,0	147.741,5	-92,1
A Rioxa	2.135,3	0,0	-	10.855,9	0,1	-	408,4
Ceuta e Melilla	-	0,0	-	0,1	0,0	-	-
Total	35.471.390,3	100,0	15.229.725,2	14.281.842,5	100,0	5.119.983,3	-59,7

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

(consulta: 03-04-2013)

3.3.12.

Investimento bruto de Galicia no exterior 2010-12: distribución segundo país de destino

	2010	2011	2012
		(en miles de €)	
Alemaña	38.796,89	790,00	-
Arxentina	3.828,95	-	
Austria	2.000,00	-	
Bélxica	-	227.217,47	-
Bosnia-Herzegovina	-	4.601,63	-
Brasil	14.816,65	16.222,04	17.010,15
Bulgaria	10.211,37	-	-
Chile	4.704,59	27.139,12	5.950,89
China	8.178,62	-	-
Colombia	315,32	1.748,04	765,61
Corea do Sur	10.810,00	6.447,79	-
Croacia	1.700,02	400,00	-
Ecuador	-	-	1,62
Estados Unidos	217.657,42	88.849,18	3.938,97
Filipinas	459,23	-	-
Francia	108.938,79	16.000,00	59.700,00
Grecia	10.981,01	-	-
Guatemala	3.160,90	10.537,28	-
Honduras	-	3.779,58	-
Hong-Kong	0,07	-	-
Hungría	2.007,44	-	-
India	46,57	170,01	345,00
Irlanda	9.000,00	-	-
Italia	100.810,00	110,00	-
Xapón	10.690,20	473,48	-
Luxemburgo	26.249,78	808,47	438,70
Macao	0,30	-	-
Malta	29.000,00	13.500,00	-
Marrocos	43.417,70	32.160,71	-
México	516,25	34.336,63	7.661,51
Namibia	30.604,13	-	-
Nicaragua	-	11.338,73	908,39
Paises Baixos	21.381,93	2.084,00	1.018,00
Panamá	23.368,08	23.233,41	
Perú	1.365,18	3.505,00	2.895,62
Polonia	4.566,21	395,28	386,27
Portugal	18.598,80	12.208,68	10.362,00
Reino Unido	2.047,12	11,98	37,56
República de Seriba	-	11.042,78	-
República Dominicana	3.297,01	515,15	976,83
Rumanía	22.190,34	-	0,04
Rusia	-	0,24	-
Sudáfrica	-	871,85	-
Suecia	2.058,62	-	-
Suiza	-	-	83,25
Turquía	-	6.210,98	-
Venezuela	-	-	3,45
Total	787.775,49	556.709,51	112.483,86

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*
(consulta: 03-04-2013)

3.3.13.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2012: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de €)	*(% / total)*	*(en miles de €)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	112.483,9	100,0	14.281.842,5	100,0	0,8
Actividades inmobiliarias	58.517,4	52,0	199.370,5	1,4	29,4
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	16.477,5	14,6	8.803.695,4	61,6	0,2
Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	13.624,6	12,1	29.818,5	0,2	45,7
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	5.969,1	5,3	1.506.668,6	10,5	0,4
Construcción de edificios	5.873,2	5,2	95.598,0	0,7	6,1
Actividades de xogos de azar e apostas	4.902,1	4,4	4.903,0	0,0	100,0
Act. Sedes centrais; actividades consultría de xestión	2.627,8	2,3	135.808,8	1,0	1,9
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	2.096,1	1,9	151.335,0	1,1	1,4
Fabricación de productos metálicos, agás maquinaria	1.225,2	1,1	13.317,6	0,1	9,2
Pesca e acuicultura	894,8	0,8	975,8	0,0	91,7
Educación	231,9	0,2	650,3	0,0	35,7
Enxeñería civil	20,1	0,0	35.512,2	0,2	0,1
Industria da alimentación	13,6	0,0	412.658,1	2,9	0,0
Outros	10,5	0,0	2.891.530,7	20,2	0,0

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*
(consulta: 03-04-2013)

3.3.14.

xeiro bruto no sector en España (**cadro 3.3.11.**).

O **investimento bruto galego no exterior** descendeu no último ano un 80% respecto ao rexistrado no ano anterior, para situarse nos 112,4 millóns de euros. Galicia pasa de ser a novena Comunidade Autónoma que máis investía no estranxeiro no ano 2012. Tendo en conta o descenso, do 60%, do investimento español no estranxeiro, **cadro 3.3.12.**, o peso relativo do investimento galego situouse no 0,8% (o 1,6% do investimento estatal en 2011).

O conxunto dos países da Unión Europea é o principal destino do investimento galego, co 64% do investimento total. Dentro da UE destaca o investimento galego en Francia, con 59,7 millóns de euros. Fóra da Unión, salientan os investimentos en Brasil, con 17 millóns de euros (**cadro 3.3.13.**).

As tres ramas de actividade máis importantes, en canto ao volume se refire, foron as relacionadas coas actividades inmobiliarias, os servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións, e as servizos técnicos, arquitectura e enxeñería, que concentran máis do 78,8% do investimento galego.

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia das actividades de xogos de azar e apostas e da pesca e acuicultura que, co 100% e o 91,7% ,respectivamente, abranguen case que a totalidade do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro no 2012 nas citadas actividades (**cadro 3.3.14.**).

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

PTE DATOS FOEXGA

Plan FOEXGA 2012: actuacións

	Accións	Aportacións			
		Total	Xunta	Cámaras	Empresas
			(en €)		
Total					
Misións comerciais directas					
Misións comerciais inversas					
Misións exposicións e encontros empresariais					
Participación en feiras					
Visitas a feiras					
Bolseiros no exterior					
Outros					

Fonte: *Consellería de Economía e Industria*

3.3.15.